ANTONIO FRAGUAS FRAGUAS

CELSO EMILIO FERREIRO

PUBLICACIÓNS DA REAL ACADEMIA GALEGA

A CORUÑA

1989

EMIA
ÑA
4
ca

REAL ACADEMIA
GALEGA
A CORUÑA
32844
Biblioteca

R. 3509

Biblioteca

ANTONIO FRAGUAS FRAGUAS

CELSO EMILIO FERREIRO

PUBLICACIÓNS DA REAL ACADEMIA GALEGA

A CORUÑA

1989

ISBN: 84-7492-435-9
Depósito Legal: C - 656 - 1989
Gráficas do Castro/Moret
O Castro. Sada. A Coruña. 1989

CELSO EMILIO FERREIRO

Celso Emilio Ferreiro Míguez, naceu en Celanova o día catro de xaneiro do ano 1912. Era fillo de Don Venancio Ferreiro Reinoso e de Dona Obdulia Míguez Buján. A partida de nacimento según copia que figura no Expediente Académico da Universidade de Santiago di o seguinte:

«En la villa de Celanova de la provincia de Orense a las diez del seis de enero de mil novecientos doce, ante el Licenciado Don Daniel Méndez Brandón, Abogado y Juez municipal y Don Camilo Mosquera de Novoa, Secretario, comparece Don Venancio Ferreiro Reinoso, con cédula personal número 59, casado, propietario, mayor de edad, o sea de 50 años, natural de Olás, municipio de La Merca, provincia dicha, y domiciliado en esta villa, manifestando haber nacido un niño, y para su inscripción como padre declara: Que dicho niño nació en su domicilio a las cuatro del cuatro del corriente. Que es hijo legítimo del declarante y de su esposa Doña Obdulia Míguez Buján, dedicada a las labores del sexo, de cuarenta y seis años, natural de Forjanes de Viñas en el indicado Merca y domiciliada en el de su marido. Que es nieto por línea paterna de Don José Ferreiro Feijoo y Baltasara Reinoso Blanco, propietarios, naturales el primero de Magarelos en el distrito de Allariz, provincia citada y la segunda del expresado Olás, donde ambos estuvieron domiciliados, difuntos; y por la materna de Don José Míguez González y Doña Concepción Buján Fernández, propietarios, naturales, ésta del mencionado Forjanes y aquél de Xamirás, del término de Acebedo de la referida provincia, donde está domiciliado y lo estuvo su ya difunta mujer. Y que al referido niño se le habrá de poner el nombre de Celso Emilio. Presenciaron esta inscripción, Don Alfonso Soto Losada, escribiente y Don José Sánchez Martínez, sastre, ambos casados, mayores de edad, naturales y domiciliados en esta villa. Leída íntegramente esta acta e invitadas las personas que deben suscribirla se estampa el sello del juzgado y la firma del señor juez, compareciente y testigos de todo lo cual yo secretario certifico. Hay un sello. Daniel Méndez Brandón. Venancio Ferreiro. José Sánchez. Alfonso Soto. Camilo Mosquera de Novoa» (1).

A vila de Celanova é unha vila monacal cuio orixen fundacional se debe ó mosteiro de San Salvador por San Rosendo no ano 937, inda que o verdadeiro orixen parece do documento suscrito polo infante Froila, irmán de San Rosendo, do 12 de setembro do 936, según sinala Cid Rumbao. O nome procederá do primeiro oratorio denominado *Cella Nova*, que foi edificado polo funda-

(1) Arch. de la Universidad de Santiago. Exp. Académico.

dor. O primeiro Abade foi Franquila e o segundo o santo fundador que renunciou á mitra do bispado de Compostela e encárgase de rexir Celanova cuias riquezas aumentan polos legados familiares, de sua nai, santa Ilduara e de sua irmán, santa Adosinda e os irmáns Froilán e Muños. Foi mosteiro rico e de nombradia. A riqueza dou lugar a moitos problemas; pra defendelos, e pra unha maior seguridade, nomearon Pertigueiro, semellante ós da Igrexa de Santiago, pra defensa de bens e dreitos, porque non fallaban desaprensivos que pretendian facerse donos de parte patrimonial do mosteiro, fenómeno que ten unha triste realidade coa desamortización.

A plaza principal da vila con clásica fonte que estivo dentro do mosteiro e quizais por habela trasladado, ten o seu pero. Contan que a auga que bota o cano que da cara o mosteiro, cuia auga é totalmente igual a dos outros tres canos, fai tolear a quen a beba, nota de humor que ten moitas variantes nos ditos dos veciños. O cerre da plaza polo nacente faino o muro da igrexa do mosteiro, obra do século XVII, é obra monumental que fai da plaza un gran lugar de señorío, por fortuna conservado a pesar dos aconteceres históricos que ocasionaron bastantes inquedanzas en aldeas, vilas e ciudades. É mester resaltar a fachada da igrexa, con tres frontóns partidos, en liña, sobor da entrada. Tres fornaciñas son os lugares de San Bieito, no medio, sobor da porta, á esquerda San Rosendo con un rebo na man, disposto a tirar a quen nos indique o bo humor do veciño que faga a explicación, e na idea do santo parece que sirveo, no seu día, pra sinalar, tirando a pedra, onde debía quedar a entrada. Na fornaciña da dreita está San Torcuato, como distinción característica o escudo. Apoiadas no zócalo almohadillado, están as colunas pareadas catro pares no primeiro tramo e dous no segundo. Fenestras, cornisa, balaustres e pináculos, contribúen a embellecer a monumental fachada. O edificio interior, a igrexa, é obra de Melchor de Velasco y Agüero, ten tres naves e planta de cruz latina. As naves non se corresponden coas luces do muro da fachada. Ten un coro alto antigo da época dos Reises Católicos e o baixo, barroco, obra de Francisco Castro Canseco. O alto pertencia a eirexa antiga e ten un valor mui grande, é de estilo oxival plateresco de fins do século XV, interesantes figuras nas misericordias entre as que figura un gaiteiro. No coro baixo admirables tallas de imaxes de santos da orden dos Bieitos, todos santos, agás Santa Escolástica e Santa Xertrudis. Magníficos retábulos destacando o da Capela maior.

Está cuberta con bóveda de arista, acasetonada, linterna sobre cornisa e pechinas con escudos como decoración nas mesmas.

Conserva unha moi valiosa sacristía con mesa e mobles correspondentes. A mesa é de pórfido e gárdanse relicarios, un co corazón de San Rosendo e outro con dous cráneos que se supón abades de santa vida.

Obra digna de ver é o claustro das procesións comenzado por Frai Xoán de Badaxoz no século XVI, é obra de traza en liñas renacentistas pero reformado e rematado dentro das esixencias do gusto barroco. Como aires da primeira época poden apreciarse os arcos apuntados sobor de ménsulas con figuras antre as que se encontran os rostros de Carlos V e Don Xoan de Austria. O se-

gundo claustro, denominado «Claustro novo» é de orden xónico e o máis curioso eiquí é «O poleiro», balcón apoiado en ménsulas polo que se entra nas habitacións dos novicios. Son estancias impresionantes o refectorio, cociña e habitacións. Estampa clásica é a da torre das campanas e a cúpula da igrexa.

Os muros do mosteiro fan os lindeiros da parte central de Celanova; a plaza principal e a Alameda.

Quedan dentro dos muros do mosteiro moitas estancias, dependencias, casi todas sin cumplir a función que tiveron denantes da amortización: biblioteca e archivo, e ó parecer están sin restaurar alguns tramos do edificio. Frente a unha parte da parede monacal está a rua da Botica, por onde estaba a botica do Mosteiro. As casas son antigas e baixas porque o mosteiro non permitia maior altura que a das suas paredes e abundan referencias decindo que obligaron a desfacer algunha edificación que pasaba da altura que a xurisdicción monacal permitía.

Queda da primeira época de San Rosendo a Capela de San Miguel, na horta do mosteiro. Isolada completamente e nun lugar que debeo ser cementerio, atópase unha capela que poderíase considerar un modelo, casi unha maqueta de un edificio mozárabe. Xúsgase como o oradoiro do Santo. Está formado por unha pequena nave rectangular con bóveda de medio cañón, cruceiro cuadrado con bóveda de arista moi peraltada e un ábside con bóveda octogonal, e no dintel da porta, na parte de fóra, unha inscripción que refire que era lugar adicado á oración por Froila, irmán de San Rosendo no ano 937.

Plaza e alameda teñen por muro de fondo o mosteiro, que dou vida e nome á vila. E mester sinalar que a plaza con personalidade propia é a Plaza do Millo, con casas de soportal, fonte e cruceiro, emplazada ó final da rua da Botica.

Curros ten na vila xardins e un busto e sobor de todo ten o vivo recordo da sua obra en troques ten casi esquencido outro poeta, Castor Elices, de romántica e triste vida cuios versos manuscritos pasaron a poder de Don Antonio Rey soto.

A vila ten os seus arredores e son os que descubre Celso Emilio no seu poema que lembra o garimoso val no que xogou o neno, e o poeta canta:

> Ouh, largasio val de Celanova
> que o meu amor de neno acariñache
> con sombras de outos páxaros e ventos
> cantado polos boscos. As mazairas,
>
> os acebos i os pinos que te arrolan,
> apréixanche a cintura tan galana,
> tan cinguida de ríos namorados,
> meu rumoroso val dos pitorreises,
> das calandrias, das pegas, das papuxas
> pola serán enriba
> nun solpor de lonxanos horizontes.

Val das campanas fondas, volvoredas,
feitas froles cheirosas nos curutos,
rosas de quente voz polas ladeiras.

Val das raposas loiras, das doniñas
que entre as carqueixas pasan fuxidoiras
mentras as rúas orquestran nas xunqueiras
noites mainas de luz estrelecida.

Lémbrote a ti, terra dos meus abós,
berce dos mortos meus durmindo brandamente
un sono de raigames e de nubes,
de brancas maus decindo adiós á neve
en folerpas de pombas manseliñas.

Nunca en ningures houbo un sol tan morno
como o que a ti te aquenta gasalleiro
nas raxeiras do inverno baixo os olmos
ou rente os muros longos das tapadas,
meu querendoso val das silandeiras
mañás envoltas en pandeiros tristes
i en lizgairos marmurios de cantigas.

Nunca en ningures vin verdes máis puros,
tan vizosos outeiros, tantas mozas
de mirada azur, coma un espello limpa,
andando cun mencer de corzas novas.

¿Cándo, meu tempo, cándo, levarásme
deica aquiles regatos choutadores
que aos ríos van cantando en romeiría
e chegan hasta a mar grande e lonxana
arrecendendo a toxos e ferrañas?

Na percura de niños, de mazáns ou de castañas e noces, choutaba o rapaz a quen os compañeiros chamaban Emiliño, nome afeutuoso de raíz familiar. E ó mesmo tempo aprende a ler e a escribir con unha maestra. A pregunta de Freixanes ¿E cantos érades na casa?, da a seguinte resposta:

«—Sete irmáns. Tres varóns e catro femias». Explica que pola diferencia que había de anos con relación ós irmáns foi criado como se fora fillo único, coas ventaxas e desventaxas que isto conleva: «A miña mestra de primeiras letras, que inda vive en Celanova (era no ano 1976 cando decía isto), acostuma a decir que eu adeprendín a ler cáseque pola miña conta. Penso que o di porque me aprecia moito e quer falagarme diante da xente xa que a triste verdade é que eu nunca fun un bo estudante. Adeprendín as primeiras letras e, dono dun castrapo perfecto, entrei no colexio que os padres Escolapios tiñan en Celanova, un dos millores de Galicia daquel entón. Ali botei perto de dez anos. Paséinas moradas. Ao comezo porque o meu castelán non era capaz de

enxergar que as volvoretas chamábanse mariposas e dempois porque a disciplina docente estaba baseada no pau e tente teso, e pouco mais había. De todos xeitos, pra qué o vou negar, gardo unha boa lembranza daquela xente».

Agora deixa Celanova e vai pra Orense. «Celanova é a miña patria primordial, o marco das miñas primeiras vivencias, a fonte onde abrollou o meu inicial conceito do mundo e tamén o descubrimento, con todas as suas invencións pantásticas, da natureza: terra esgrevia de azúes lonxanías e douradas luces outonales. Celanova alumeou meus ollos de neno con imaxens fermosas e tenras» (2).

En Orense están os homes do grupo NOS e o galeguismo ten unha vida mais intensa e organizada. E o resultado da estancia na ciudade de Antonio Losada Diéguez, que sen decir ren en contra das formas cultas, filosóficas e teosóficas tiñan como medio de difusión a «Centuria», revista escrita en castelán onde dirán con énfase: «no somos ni modernos ni actuales, sino futuros; porque es necesario crear un futurismo nuevo. El de Marinetti debemos darlo ya por anticuado». E recalcará máis Vicente Risco: «Quisiera anunciar aquí la muerte de los dioses... Algo he insinuado al repudiar la Venus de Milo en mis sueños. Ahora he de bendecir al explosivo que partió en dos el Parthenon. Porque no es posible una futura estética si no hacemos añicos los mármoles pentélicos». Isto podería decirse que era unha opinión personal, era opinión personal pero coa que coincidían todos os do grupo. Pero unha vegada mais quero lembrar o cambio que se realiza moi axiña. Istes mozos elegantes, futuristas de novo cuño, quedan eiquí, como estatuas de sal, e preséntase o transformismo e todos adoutan novos camiños e adícanse a coñecer os vieiros de Galicia, e do pensamento mais ou menos claro da revista *neosófica*, como indican, da Centuria «que ha de reflejar la nueva ideología que empezaba a dominar el pensamiento euroamericano antes de la guerra». Alusión á guerra de 1914.

O día 30 de outono de 1920, aparece nas rúas, ou polo menos con isa data, o primeiro número de NOS, Boletín mensual da cultura galega. As primeiras verbas din así: «Pra ledicia de todos e pra enseño de moitos, sai hoxe NOS».

«É a ansia que hoxe sinte Galicia de vivir de novo, de voltar o seu ser verdadeiro e inmorrente, a evidencia lumiosa do mañán, o que nos fai sair. Temos unha fe cega, ausoluta, inquebrantábel na vitalidade e no xenio da nosa Raza, e mais na eficacia do noso esforzo pra levala ó acomprimento do seu fado grorioso. Oxe chegou á vida na nosa Terra unha xeración que se deprocatou do seu imperioso deber social de crearen pra sempre a cultura galega. Endexamis foi meirande a nosa actividade creadora. NOS ven a recoller ises esforzos de integración da Patrea galega no seu xa rico polimorfismo»...

«NOS ha ser a representación no mundo da personalidade galega na sua

(2) Víctor F. Freixanes. *Unha ducia de galegos*. Vigo, 1982, pág. 138.

ansia de se afirmare como valor universal, autóctono, diferenciado, dentro ou fora da Terra» (3).

Podia signar iste testo Celso Emilio que conta como eran os seus antepasados e como pensaban, sobor de todo seu pai que fora gran amigo de Porteiro Garea e por iso era nemigo dos vellos caciques de Celanova, por onde se presentara pra Diputado Porteiro pero, non conseguiron os votos suficientes pra gañar.

Celso Emilio ven pra Orense e aparece axiña nas actividades galeguistas. «Ourense troqueou a miña adolescencia e púxome en contacto con certos aspectos da vida urbá que descoñecia ou coñecia mal, pois eu viña de Celanova». Non di cando se achegou á tertulia do Roma que presidía don Ramón Otero Pedrayo e como se formaran tribunal estaban con él Cuevillas e Risco. Seguro que ían tamén Leuter González Salgado e Primitivo Rodríguez Sanjurjo, e cando estivese en Galicia asistiría Alvaro das Casas.

Organizado o galeguismo primeiro nas Irmandades da Fala e mais tarde no partido Galeguista, creáronse as Mocedades Galeguistas nas que entrou Celso Emilio, antre os que formaron parte dos directivos estaba Aquilino Iglesia Alvariño. En Ourense sacaron un periódico, «Guieiro», que aparece como independente da folla nacionalista que se viña repetindo, o día 1 de novembro do ano 1935 «como outa voz nacionalista da F. M. G. fixouse a direución e redacción en Ourense. O director foi primeiro Celso Emilio Ferreiro e no derradeiro momento, primeira quincena do mes de xullo de 1936, xa corresponde a Xosé de Castro Arines. Somentes se publicaron trece números. A Celso Emilio procesárono por dous artigos criticando a política de Xil Robles, os dous foron publicados sin firma e un era de Cuevillas e outro era de Celso Emilio. As Mocedades celebraron unha concentración en Celanova o 13 de outono de 1935 con un gran mitin no que interviron Celso Emilio Ferreiro, Xosé Nogueira e Vicente Bóveda, membro da nova Secretaría Executiva, e Francisco Fernández del Riego e Illa Couto da Executiva anterior.

A guerra civil movilizou unha serie de quintas e Celso Emilio foi de soldado, un episodio deu orixen ó poema «Longa noite de pedra». O poeta veu a Celanova con permiso no ano 1937 e unha muller denunciouno atribuíndolle unhas verbas que non pronunciara. Detivérono e levárono ó mosteiro, internándoo nunha dependencia totalmente de pedra, él di que era unha mazmorra do mosteiro pró puido ser no sitio do Archivo: «O lugar onde me tiveron metido varios días, ca morte oubeando arredor, era unha antiga mazmorra do mosteiro, toda ela de pedra, incluido o teito e con tan pouca luz que o día semellaba noite». Ali foi xurdindo o poema, a longa noite de pedra que é ben fácil de comprender á largura do tempo medido antre a vida e a morte, a impresión profunda tivo poder mais que doado pra dar tiduo ó libro. Conxunto

(3) Bol. NOS, n.º 1. Ourense, 30 outono, 1920. *Primeiras verbas*.

de poemas o mesmo que «O soño sulagado» foron escritos «na sua meirande parte ao rematar a guerra civil» (4).

Rematado o servicio vense pra Pontevedra onde con Emilio Canda, fundan Finisterra. O número 1 leva data do 1 de setembro do ano 1943, mensual e dende o número 4 pasa a xefe de redacción, e como tal redactor xefe firma Celso de Cela, colaborando en todos os números. No número un publica: Cuento de humor: «Tu estás muerta». No número 21, correspondente ó mes de xullo publica o poema: «Compostela», en galego:

Santiago: mar de pedra
estremecida de vento.
No canle morno da rua
quedou varado o silenzo.
A maina choiva miuda
mente, sobre o chan, espellos.
Santiago: mar de pedra,
—froles i-escumas de séculos,—
con cen torres como proas
ancoradas no seu meio,
i-on rio albeiro d-estrelas
que ven correndo do ceo.
Santiago: mar de pedra
navigado polo tempo.

Firma Celso de Cela. Iste poema ten un certo aire con formas poéticas de Luis Amado Carballo, o poeta pontevedrés a quen se adicaron as Letras Galegas fai sete anos.

Estudia a carreira de Dreito en Santiago e Oviedo, e exerce de Procurador en Vigo, e no tempo libre lia i-escribia, verso ou prosa. Algunha vegada facia versions da sua obra asi o conto «Porque maté mi tío Olegario. Cuento de humor», publicado na Revista Finisterre, publícase agora na «Fronteira infinda», en galego co tiduo: «O filántropo». Coa colaboración de Blanco Freijeiro facía traducción de Musa Alemá. Colección Benito Soto, 1951.

Así as cousas un dia, creo que en ben mala hora, preséntanlle unha posibilidade: marchar pra Venezuela, non se trata de ir dar unha conferencia, un ciclo de conferencias ou un curso na Universidade, é clara idea de permanencia. Chamado pola «Hermandad Gallega» en Venezuela, ofrécenlle ser «Orientador de actividades culturales, dirixir un xornal quincenal, Irmandade, emisión semanal de radio e dirixir a Escola Castelao». Celso Emilio sinxelo idealista, pero profundo, despois de pensalo un pouco, decide acetar a oferta e prepara o viaxe. En Ourense faiselle un homenaxe ó que asisten 250 comensales e hai mil duascentas cincuenta adhesións. Víctor Freixanes faille ista pregunta:

(4) V. F. Freixanes, Ob. cit., páx. 158.

—«¿Por qué emigraches, Celso?

E Celso Emilio da a seguinte resposta:

«Anque che pareza unha boutade direiche que fun á emigración por aburrimento, por noxo vital. Eran moitas cousas as que vía e sofría ao meu arredor, na miña terra, e estábame sentindo afogado nunha especie de cousa viscosa feita de incuria, menosprecio, coacción e deslealtade de moita xente».

Nós seguimos lendo todo canto recolle Freixanes niste libro: «Unha ducia de galegos» e con sinceiro door do sucedido a iste galego, e a resposta que da o poeta como atracción de galeguidade. Veleiquí pregunta e resposta.

—¿Pero que matinabas atopar aló que non houbera eiquí? A emigración no ano 66, e sobor de todo en Venezuela onde ti estiveches, xa non era a dos anos vinte ou trinta.

—Pero eu marchei porque coidaba que a Galicia posible estaba naquela emigración, xa ves. Coidaba que emigrar era a solución, en que provisional, que mais convíña naquel tempo aos galegos que, coma min, por algunha causa non lle era doado vivir na súa terra» (5).

O emigrante leva sempre un soño e trata por todos os medios de facelo realidade, ninguén esquece a sua terra e son moitos os que non retornan por non ter conseguido o sono que ocasionou a sua partida. Outros consiguen canto soñan e van engaiolando soños e ó mesmo tempo van adaptándose as novas terras, que xa son as novas patrias. Non pensou na situación dos moitos que emigraron fuxindo da morte, en todos está viva a concencia da terra, pero, na sua realización non intervén. Celso Emilio traballou ano e medio no desenrolo do programa pro que fora chamado, pero sucede un cambio na Hermandad que él conta de ista maneira: «a nugalla dos que entón rexían os destinos da sociedade galega, homes liberáis e honrados pero inocentes e inespertos, permite que unha mafia feixista lles arrincase o poder nunhas eleccións fraudulentas nas que a venta de votos e outras trampas semellantes estiveron ao orden do dia. E, pois, un problema político. Pra eles facerse co poder na Hermandad Gallega, era moi importante naquel intre, e non ben colleron o mandiño comenzaron a represión de costume. Unha das primeiras víctimas —non a única, por suposto— fun eu, no que polarizaron ademais toda a sua xenreira a calquer actividade de orden superior. Asi son as cousas. Ceibáronse como si eu fora a «fera corrupia» ou a ovella negra da familia, expulsáronme da sociedade e atribuíronme pantásticas falcatruadas políticas e intencións inconfesables que somentes esistían na sua maxinación delirante. Chamábanme comunista, ademais». Chegaron a pedir ó goberno a expulsión do país como persona indeseable. «Tanto eu como alguns dos meus fillos perdemos varios empregos nos que nos gañábamos a vida honestamente. Foi unha persecución miserenta e sin acougo que somentes rematou cando, apoiado por alguns escritores e poetas venezolanos, amigos meus, entrei no gabinete de prensa do

(5) V. F. Freixanes, Ob. cit., páx. 145.

entón presidente da República, Don Rafael Caldera, onde permanecín, xa inatacable, deica o meu regreso a España» (6). O regreso foi no ano 1973.

Foron moitos os escritos na percura da paz e da percura das razóns profundas de tan desgraciado acontecimento. Hai defensores nos dous bandos e o perdedor foi sempre o poeta. Pra desfogar o seu xenio escribeo e publicou o «*Viaxe ó país dos ananos*» que extendeo a fogueira dos disgustos e alporizou inda mais os ánimos e, nin o tempo, nin a distancia variaron os criterios de Celso Emilio e moitos dos que estaban o seu lado censuraron os xuicios pero a todas as correspondentes preguntas de Víctor Freixanes, responde con istas verbas categóricas: «A miña actitude literaria e personal e filla de unha realidade tanxible vivida por min. Nin rebaixo nada, nin estou arrepentido de nada, nin moito menos teño por qué cambiar os meus puntos de vista encol dos caciques feixistas, logreiros e explotadores dos emigrantes galegos en Caracas na época en que eu estiven alí, xente á que está dedicado o meu libro». Realmente parece que era de amigos aconsellar algunhas supresións, pero quizais por iso que nós suprimiríamos é o que forza a venda do libro que contén semellante relato. A invencíbel postura respondía a unha alma transida de door e invencíbel nos seus ideaes, non puido escorar o vento e agardar as chuvias mansiñas ás que siguen tempos mais levadeiros. Ven a iste triste pasaxe, mui a conto o que escribe Don Ramón Otero Pedrayo de Castelao, que facía arte pra poder comer, e ben o sabían os que lle mercaban as obras.

«Na América, de saiva guiada polas rexas temperanzas dos climas económicos, no precipitado internacional, onde no rexo sábrego das xentes furan as raíces das ambicións e se dá en proporcións endexamais coñecidas, o combate por o tempo e a frol da hora, Castelao fixo arte na esprezada materia, no «humus» negro, erguéndoo piedosamente á categoría humá da dór, da espranza, do engado da danza gandideira e litúrxica relixión do esquecemento. A pintura «negra» foi en Castelao obra, sen quizais decatárese de elo o autor, atal misional e apostólica como a dos grandes pregadores».

«Algún día —ha chegar si Dios quer— inauguraráse con respeito e silencioso amor, a esposición de pintura negra do grande emigrado. Esparexida en mans de particulares, ten por riba tamén a dinidade de ser feita pra vivir. Cada dibuxo unha seguranza do aloxamento e do pan. Traballando por o pan os grandes e puros artistas, e mais en terra alleeira, fanse na humildeza mais grandes e cristiáns, e un anxo os guía e afasta da tentación da orgoleza». Veleiquí os apuros de Castelao na emigración resumidos por Don Ramón Otero Pedrayo, en «Por os vieiros da saudade».

Celso Emilio non foi capaz de saltar as zanxas cavadas polos nemigos e volveo pra sua terra. E curioso que o poeta non canta as despedidas, os adeuses deica que se atopa en Miami, na outra banda do mar, o que supón un viaxe mui ledo polas venturosas espranzas que aniñaba no seu pensamento. O poe-

(6) V. F. Freixanes, Ob. cit., páx. 148.

ma está adicado a Misia Moraima e datado en Miami no mes de xuño de 1966, o poema non espresa a tristeza que todo galego sinte cando marcha da sua terra, Rosalía fixa lindeiro de despedida: *desde a veiriña do mar*, e deixa matizada a estampa paisaxística dentro do horizonte do lugar con canto se laboura na leira e na horta deica as terras onde moran os finados, o Camposanto. Celso Emilio comenza no barco e vai mar adiante collendo por torre de visión as Cíes, a luz de Funchal e o Teide esgrevio, pra rematar antre as escumas do mar de Miami:

Dígoche adiós dende o barco
que a lonxanas terras vai.
Dígoche adiós dende as Cíes
que están preñadas de mar.
Adiós nas ondas que pasan,
adiós na luz de Funchal,
espello de lua chea,
paradiso terreal.

Santa Cruz de Tenerife
semella un lagarto arnal.
Adiós dende o Teide esgrevio,
adiós de neve e cristal.
Panos de adiós, compañeira,
o meu peito é un pombal.
Iste mar non é tan grande
como a miña soedá.

Dende Miami de escumas,
vento de azougue e coral,
outra vez adiós che digo,
adiós miña señardá.

O chegar das Américas, quedou en Madrid e viveo primeiro no Paseo das Delicias, e logo instalouse en Juan Bravo e fai unha vida moi activa, escribe en varios periódicos, vai algunha que outra vez ó café Gijón pra saudar os amigos. Freixanes conta que asisteo á primeira lectura de poemas que fixo no Colexio Maior da Ciudade Universitaria, «léo poemas de *Longa noite de pedra*, *Viaxe ao país dos ananos*, *Cimiterio privado* e algunhas cousas ailladas. Había xente nas escaleiras, recostada nas paredes, de pé, deitada no chan». Faise cargo da Aula de Cultura Galega no Ateneo de Madrid, e houbo un pequeno alboroto por culpa de unhas declaracións de dona Carmen Llorca «sobre las literaturas regionales, declaraciones que a juicio de unos cuantos requerían para poner bien las cosas la dimisión de Celso Emilio», pero iste dixo que dona Carmen Llorca, había rectificado e, ademais a él o que lle interesaba era servir a Galicia, él di: «A min sempre me pareceo positivo aproveitar toda ocasión de traballar por Galicia e penso que dar a coñecer o noso particularismo cultu-

ral e social, así como manter unha escola de língua galega na capital do centralismo español é un bo traballo a prol da nosa terra». O que esplica non son capaz de comprender, o que quer decir, no que dí, e na conclusión que saca. Pero a pregunta de Freixanes paréceme que queda sin respostar, eu sigo sin saber o que pasou coa devandita Aula do Ateneo, e por iso non podo decir eiquí como foron os problemas e como se resolveron, e quenes foron os armadanzas, se os houbo.

Celso Emilio é un gran poeta, pero parece que houberamos podido contar con mais obra verso e prosa, algunha novela e poida que algo de ensaio, todo xirando ó redor de temas da terra en sí, o traballo, e os sin traballo, e desexando traballar. O poeta é intransixente consigo mesmo, con unha liña invariábel que sinala na resposta a Víctor Freixanes con relación a ista pregunta. ¿Como te atopas nesta poesía de maldizer? —Coma o peixe na auga... Eu sinto a miña poesía satírica como unha especie de purga á que me someto, como ti dis, pra me librar dos malos humores, treidurías, cabreos, porcalladas e falcatruadas dos nemigos e dos falsos amigos descubertos e encubertos, dentro e fora da terra. Eu diría que os meus poemas de escaño, que algunha xente coñece, son os meus anticorpos» (7).

En todos os tempos foi en Galicia un gran poeta lírico, pero queremos suliñar que ademais de poeta, era mestre de poesía, era guieiro nas xuventudes que o seguían con afecto e nono esqueceron cando voltou de América, pero era comprensible pra todos o moito que sufreo, os longos capítulos de amargura que non había pasado eiquí.

Dende o ano 1955 deixou dito como era a sua poesia, a sua autopoética que agora reproducimos: «Coido que, polo mesmo que a poesía é indefinible, tódalas definicións que dila se fagan son, en certa maneira, válidas, porque sin dúbida abranguen unha pequena verdade da Gran Verdade que é a Poesía. Mais, polo mesmo, coido que é millor non definila, nin espricala. Deixala na súa impoluta maxestade, envolta no Misterio que nunca nos será dado desvelar na sua totalidade.

«Considero grotesca a clasificación da Poesía en *ismos*, e moito máis, estimar que soio esiste nun determinado ismo. A Poesía está, como Deus está, en todo tempo. Agora ben, como o poeta —queira que non— vive no seu tempo, o *quid divinum* do seu oficio consiste en saber interpretalo e ser o seu voceiro. Pero poñendo un esmerado empeño en diferenciar o grau da palla, é dicir, non confundindo a moda dun tempo co modo do seu tempo. As modas pasan; o modo, a Poesía, queda.

«Polo que se refire os poetas galegos, si queren ser fideles a si mesmos e á terra, teñen que fuxir da arqueoloxía estéril e do ruralismo pedáneo. Teñen que retorcerlle o pescozo ó reiseñol do lirismo lacrimóxeno, saudosento, vello estilo. En troques teñen que mergullarse con desesperado esforzo no mundo

(7) V. F. Freixanes, Ob. cit., páx. 159.

social da nosa terra; nos problemas vivos do noso tempo; nas angurias das nosas xentes. Pero con ollos recen abertos, con palabras de hoxe, con fórmulas novas en canto ó enfoque cordial e á perspectiva psicolóxica.

«Non embargantes é preciso decir algo eiquí, pra xustificar a antropoética que xurde constantemente nesta escolma e, xeneralmente, en toda a miña obra.

«Sei pouco da miña canción, pro en troques, sei abondo das motivacións que me moven a cantar. Preocúpame o oficio de home i-o seu destiño colectivo, e de ehí que a miña poesía seña eminentemente *«engagee»*, contestataria, ou, como eu prefiro, belixerante, disposta nunha actitude de raigames moi profundas, idénticas sin dúbida ás que moveron á literatura comprometida de todos os tempos, xa que a historicidade do fenómeno é incuestionábel. Sempre i-en toda época, houbo poetas que dixeron: non desairo cantar á rosa e ao amor, pro denantes quero ocuparme dos meus irmáns, os homes.

«A poesía belixerante, na que tan a gusto milito ten un 'eiquí' i un 'agora' pra, sin descanso, compadecer (padecer con)a os que sofren inermes a brutal presión da historia que outros escriben. E por ser belixerante e inconformista, tradúcese en protesta, érguese contra da inxusticia e incluso faise revolucionaria porque pretende conquerir a transformación de unha sociedade coa que está en íntima controversia».

Están eiquí espostas unhas normas de arte poética, pro tamén podía sinalar normas de prosa. Un dos primeiros traballos foi o estudio biográfico de Curros Enríquez, o poeta con moitos paralelismos con él, que naceo na mesma rua e no mesmo pobo, foi perseguido, foi á cadea, foi emigrante, foi outimo poeta e viveo unha vida moitas veces difícil morrendo en Cuba nun intre en que estaba incomodado con unha serie de galegos. Leva unha introducción do poeta Aquilino Iglesia Alvariño. Curros escribira unha súplica ós galegos que había na isla de Cuba:

> ¡O terrón, se a sorte cruel
> me fai o mundo deixar,
> fora del e do meu lar:
> galegos, levaime a él!

E os galegos cumpliron os desexos de Curros. O enterro foi canónico en Cuba e na Coruña a onde chegara no barco Alfonso XIII. Chegaba á Coruña un home de fondo raigame galega de sesudo carácter, emigrante, periodista e gran poeta. O estudio monográfico de Celso Emilio é a biografía completa de quen foi camiñante por un vieiro de grandes semellanzas, enfrentamentos, censuras e desprecios que ambos sufriron durante a vida. E un estudio feito con gran sinceridade que vai dende *os orixens*, e desenrolo infantil, a dura vida da sua saida da casa paterna e o regreso que lle permite recoñecer Galicia e a grandeza da terra coa que se vai identificar totalmente. A dureza do proceso e a revisión da causa, íntres que deixan no poeta unha amargura tremenda,

amargura que se xunta co dolor de cabeza dende a ferida de moi discutida procedencia.

A emigración proporciona a Curros uns episodios de gran emoción, a colonia galega fai un recibimento «casi apoteósico» e acollénono con afecto. Con axuda de uns cantos potentados funda un periódico, «Tierra Gallega» onde se recordaba Galicia pro sin posturas de superioridade. Por desgracia xurde o malestar ó ser nomeado Presidente do Centro Gallego, un madrileño, pro sua nai era de Celanova, Curros protesta e fórmanse dous bandos e complícase mais a situación ó estoupar a guerra na illa. Curros pide reflexión, quizais chegue á autonomía, posición peligrosa por canto o estiman traidor e os que o recibiran con canto bombo son os enemigos que se dan de baixa no periódico deixando a Curros sin nada, con deudas e sin periódico. Curros pasa por traidor e as xentes siguen creendo que somos capaces de vencer a Estados Unidos e a cantos se poñan diante. Entristecido, enfermo e con unha visión clara do que foi a guerra, o goberno e os galegos amigos un dia e agora furibundos enemigos, apreixado pola saudade retorna a Galicia. O 13 de marzo de 1904 volve pra España.

Son emocionantes os días que pasa en Galicia recollendo no paisaxe as visións de cada lugar e de cada hora, sinte a terra transformada nos xestos da xente e dos amigos que inda viven, unha das emocións máis fortes foi a da visita a Lamas Carvajal, estaban disgustados e Curros non lembraba xa cal había sido a razón do incomodo, pero era o mismo xa non importaba o que pasara, quería volver á vella, á amistade de sempre. O abrazo na redacción do Eco, a onde foi acompañado por Don Benito Fernández Alonso, que praparara a entrevista, foi a lacrimosa aperta que anudou pra sempre a amistade de istas duas almas que amaban a Galicia, traballaban por ela e por ela pasaron pesares e fondas preocupacións, xa que non se rompeo mais a amistade nos catro anos que viveo Curros. Estivo en Mondariz e na Franqueira e ten ocasión de ver a loita, inda que non sexa mais que diálogo enfurecido antre Birnarem e o cristián. Recibeo grandes e sentidos homenaxes destacando o que lle ofrece a Coruña.

Celso Emilio vai matizando a vida de Curros con emoción. É, como él un poeta, da mesma vila e da mesma rua. Curros embarca e a saudade vai a menos e chega un momento que ten que ir a unha clínica e non vai ó Centro Gallego porque inda están disgustados os directivos e mais él, e por iso vai pro Centro Asturiano onde morre o día 7 de febreiro de 1908. Nos derradeiros días estiveron con él un capellán e un xesuita, sin que se confesara con ningún pero cando o médico lle pon a derradeira iniección, díxolle: «mañán iste brazo estará encaixonado i-estendido co corpo», «non pense neso, por qué ha de ocurrirlle iso?» e Curros respondeulle: «Porque Deus o quer». Istas palabras e outras semellantes sostidas co capellán e co xesuita, indican que no seu fondo había un punto de referencia, quizais·un punto mui lonxán que ten acesa a luz de Deus. O lector que coñeza a vida e padecimentos sufridos con un e con outro pode afirmar que forman vidas, realmente, paralelas, pero Curros non

creou apenas literatura e Celso Emilio fartouse de poetizar ó redor das moitas amarguras que lle fixeron pasar. Pero a monografía é unha obra maxistral na sua composición literaria.

En Ediciós Xerais de Galicia, acaba de ser editada «*A fronteira infinda*». Vigo, 1988. Son dez relatos que levan os seguintes tiduos: «O galego Esteban»; «As raigames no aire»; «Mi pana Bulda»; «A derradeira noticia de Pánfilo Sobreira»; «Extraño intermedio»; «A caza de bruxas»; «Sangue no río»; «O Filántropo»; «O Emprego», e «O Alcalde». Leva un pequeno Diccionario de americanismos e un curto estudio gramatical: «O galego de Celso Emilio Ferreiro».

Dez anos antes, en 1910 publicara: «*A taberna do Galo*», correspondente o número 55 da Coleución O MOUCHO, Ediciós Castrelos, Vigo. No comenzo hai ista advertencia do autor: «O autor que quer deixar constancia de que estas mal arteixadas páxinas de *A taberna do Galo* foron compostos con fragmentos tirados dun libro que está rematando de escribir, tidoado, *Memorias de nunca*, no que se conta e inventan ou descobren historias, aventuras e aconteceres si non todos certos, polo menos verosímiles, que nas artes letradas é tanto como dicir verdadeiros.

«O autor coida que esta advertencia é precisa non soio pra curarse en saúde (déanos Dios saúde e irémola andando) senón tamén pra sairlle ó atallo ós malaqueloutrados críticos que poidan chatar esta escritura de falla de unidade ou calquera outra desas monsergas a que son tan afeitos.

«No suposto, craro está, de que en Galicia teñamos críticos, e, naturalmente, na hipótese de que estes supostos críticos me fixeran a gracia de ocuparse desta homildosa obriña». O Galo é apodo polo que se coñece un taberneiro, lugar de tertulia que o autor afirma que visita e fala a cotío co taberneiro.

Fidel a sua declaración de principios, son cinco capiduos que contén episodios mui ben artellados de un pasado incompleto e de unha vida que por ser xa historia sai nistes relatos. A vida de Celso vai figurando entreverada en acontecimentos mais ou menos novelados, incluso nos parece que podemos ver a sala da sua casa niste relato que figura no comezo do «*Filántropo*»: «Na miña casa había unha especie de santuario familiar chamado a «sala vella», onde ó longo dos anos fóranse acumulando cacharros, cachivaches, retratos e bisuterías que deslumbraban a miña atención de neno dado as fantasías e imaxinacións desmedidas. Alí estaba unha caracola que tiña prisioneiro o lonxano bruido do mar. Alí un relóxio de area. Alí, un alfanxe que dis trouxera meu abó da guerra de Marrocos. Alí, un libro de arte coquinaria, encadernado en pel, escrito por Francisco Martínez Montiño, cociñeiro maior de el Rei. Tamen tíñamos un retrato da miña avoa Adosinda enfundada nun vestido de muaré, co van que lle dicían avéspora, e un abanadoiro afiligranado nas maus gordelas e brancas de moza señoriteira e ben mantida. Pero entre aquela morea de cousas inanimadas, o que mais me intrigaba era un retrato dun irmau do meu avó, tio Olegario, un home serio de rostro duro, coa sua barba de ma-

riñeiro, a sua gravata de plastrón e o seu *jipijapa* de anchos aleiros». Ten certo agrado familiar, quizais soio coincidencia.

Conciso e con realismo fai a valoración do emigrante no intre de chegar a porto. «Chegas a un país estraño, desembarcas e non es ningén. Es un emigrante, ou se queres un inmigrante. Sabes un pouco de agricultura, un pouco de papeis, un pouco de mecánica e un pouco de comercio. Total, nada, unha pobre enciclopedia de conocimentos inútiles». Temos conocimento pleno de algún emigrante cargado de saber de unha materia, e canto sabía non lle valeo pra vivir, tivo que comenzar de novo como si comenzara unha carreira. A descripción das razóns de emigrar, iso que con insistencia lle preguntaron non unha sinon ducias de veces, a Celso Emilio porque emigrara, é a pregunta que poucas veces temos feito, a quenes emigraron porque ou foi por necesidade económica, ou por fuxir da morte ou da persecución, ou por unha oferta de gran porvir. Celso Emilio xa vimos que foi por desasosego, por creer que a paisanaxe sentía a galeguidade con visión clara e contundente, decisión de dar nova vida, a que soñaron os debanceiros, á nosa Terra.

Foi a poesía a laboura do seu maxinar, o verso, toda poesía surtía en caudalosos borbotóns como os nacentes de Fonmiñá, e afloran ó mundo dende moi xoven, «comenzara a escribir aos dezaseis anos, no 1929. Sairan cousas suas, infantís, en xornaes efímeros. Traballaba casi sempre de memoria, pasando logo ao papel o concebido» (8).

Don Xosé Filgueira Valverde pedíralle, por mediación de Xosé Velo, nos fins do ano mil novecentos trinta e cinco, algunhas poesías pra unha frustrada *«Escolma da Lírica Galega»*. Era por entonces tipógrafo, lector amante de poetas e prosistas galegos, ós que admiraba e desexaba estar situado na antoloxía «como un irmán pequeno», perto de Cunqueiro e de Iglesia Alvariño. En canto á sua poética decialle: «O poeta non sabe falar da sua poesía. E inútil pretender definila. Coma unha noiva madroña, quere e non quere, dase un intre, pra despois fuxir, deixándonos as mans molladas de brétema e os ollos acugulados de ceo. A poesía non é aritmética. Eis todo o que podo decir» (9).

E veleiquí os poemas que entonces coidaba que o representaban millor: *«Cando a»*, *«Infanza»*, *«Do íntimo»*, *«En silenzo»*, «Límites», *«Ti i eu»*, *«Voz inútil»*, *«Ti sorrisa de Deus»* e *«Apunte»*. Como naceo poeta, axiña presentou ó mundo nobles pezas da sua oriversaría poética, e foi a sua vida o gran manantial a onde acudían as xuventudes que escolleron a Celso Emilio como o seu poeta. En Ourense foi escoitando ideas, pareceres e loubanzas do grupo NOS e con eles enraizaron mais as imaxes da terra e a paixón por gastar a vida no seu servicio.

Pra dar razón do seu haber político, durante bastantes anos ten que escribir en castelán e así en 1941 publica: *«Al aire de tu vuelo»*, e seis anos mais

(8) Xosé Fernando Filgueira Valverde. *O primeiro Celso Emilio*. Segundo Adral, 1981, páx. 436.

(9) Xosé Fernando Filgueira Valverde. *O primeiro Celso Emilio*. Segundo Adral, 1981, páx. 436.

tarde, en 1947, «*Bailadas, Cantigas y Donaires*», con unha nota previa de Fermín Bouza Brey. Iste libriño está adicado a sua nai: «A mi madre: en la clara altura de sus ochenta años». O poeta é un namorado da familia, e a notoria ledicia de istas verbas, contrastan coa tristeza espresada no poema: «*Nai*» que figura en: «*O sono sulagado*». Fermín Bouza na «nota previa», sinala claramente a razón do uso da lingua castelán, e pon Don Fermín istas verbas: «Pese al externo ropaje, es la de Ferreiro poesía galaica ciertamente, no ya por los arcaísmos y galicismos de su decir sinó, de modo principal, por la temática ensoñadora, por la cernida luz que de ella emana, por la neblina que cela los difuminados versos. Yo he de confesar que lamento un mucho este auto-falseamiento de la personalidad del poeta, tributo a un pensar colectivo, momentáneo, no selectivo por cierto, que impide, a cambio de una engañosa difusión, la aportación a la obra poética de Ferreiro de la armonía que brota del bello idioma de Galicia. Mas revelaré el secreto de que, una vez pagado este tributo al ambiente, la hermosa torre de marfil del poeta de estas cantigas —que cada espíritu escogido debe labrarse— pese a todo, se alzará en medio de nuestro parnaso, fuerte y sonora». En 1955 publica en Montevideo: «*Voz y voto*» na colección «Papel de Estraza». E no ano 1970, en Revista Expediente n.º 2, *Trece poemas iracundos y una canción inesperada*. Xesús Alonso Montero, resalta a personalidade poética de Celso Emilio, indicando que a obra «Longa noite de pedra», esgotouse en semanas porque «páxinas do libro encontran leutores e acollida entre labregos e obreiros, eido o que difícil e precariamente teñen chegado os escritores galegos». E poesía dacordo coa sua leución poética sinalada pra sua obra de loita pola defensa dos humildes. Poeta en sociedade, poeta pra quen a intimidade é importante na medida en que «contesta» á sociedade na que a intimidade se forxa e sofre, a sua musa vai ser unha musa xusticieira, crítica, loitadora, solidaria, inconforme, acusadora e satírica» (10).

«*O sono sulagado*» parece que nos trai unha resoancia castrexa ou inda millor de vella ciudade sumerxida por unha falta grave casi sempre de amor a uns camiñantes como a Nai de Deus con Deus no colo, e a vila que negaba pousada a tan ilustres, inda que probes, camiñantes, era afundida nun oco e cuberta de auga e barro. O poeta comeza o seu sono co medo que lle impón a chegada da noite espresada en fantástico corvo escuridón, e ademais do poema «*Nai*» que revela un profundo dor nas cordas do corazón, supuxeron alguns que a sua infancia foi triste e que está reflexada nos versos:

> En Celanova había un neno triste
> con cárceres durmindo longas noites
> e vagos sons de broncesnos abrentes
> de torres sulagadas coma estrelas.

(10) Xesús Alonso Montero. *Celso Emilio Ferreiro: O home e o poeta en dezasete tempos*. En Obras Completas. Col. Arealonga Akal Edit. Tomo I, n.ª 11 da Col.

El ten dito moitas veces que foi feliz por ser o mais novo e gozar das atencións de todos como si fora único. As torres sulagadas son as misteriosas torres que somentes se ven determinados días e tan soio se oucen o son das suas campanas determinado día do ano e a determinada hora. A composición refírese a Curros como indica o títuo.

Ben-Cho-Shey, publicou no xornal: «La Noche» de Santiago o día 21 de novembro do ano 1962 un artigo de crítica do poema «Longa noite de pedra», co títuo: «*O herdeiro de Curros*». Comeza falando do conceuto de «mensaxe» referido á poesía «que non é mais que o resultado dunha forte persoalidade posta ó servicio dun rexo ideal». Curros reacciona contra das inxusticias e «pola sua valentía arremetendo contra das lacras do seu tempo acadou ser Curros un poeta popular. Os seus versos deprendeunos de coro a xente e os seus libros atinguiron mais edicións que os de calquera dos outros poetas galegos». Curros non é un poeta pasado, porque, por desgracia, angurias hainas sempre, pero oxe é outro o que as canta e faino coa mesma voz e a mesma forza do poeta anterior. «A voz dos que padecen fame e sede de xusticia. O seu acento é viril, como o de Curros e a lira que leva nas maus seméllase, asombrosamente, a aqueloutra lira torva coa que Curros axotara os andacios contemporáneos seus, que son os de tódolos tempos. ¿Será a misma? ¡Quen o sabe! Polas trazas o poeta herdóuna de Curros e nona pulsa con menos xeito nin con menor ardencia que él.

«Que nestes tempos de poesía entangareñada e fofa, de linguaxe escuro e camelístico, apareza un poeta xurdio, falando en cristiano pra que todolo entendamos, é cousa de ver, de leer e de escoitar. E si a maiores as suas coitas son as que nos magoan ós mais, entón é pra choutar de ledicia e se felicitar do abrente da «*Longa noite de pedra*» (11).

Aparece pouco despois «*Viaxe ao país dos ananos*», libro motivo de polémicas non por o senso poético, senon polo adxetivo peiorativo. Pesou sempre mais o valor poético en todas as críticas como podemos ver en Concha Castroviejo que escribe que Celso Emilio Ferreiro é o representante máximo da poesía civil en tal grado que logra suscitar un entusiasta «interés en un basto ámbito de lectores no gallegos que lo conocen traducido, cuando ya la poesía social empieza a pertenecer al pasado y se adopta ante ella una postura de indiferencia o de hastío»; ideas xa manifestadas por outros críticos como Alonso Montero que afirma que o libro «*Viaxe ao país dos ananos*» é sátira i épica e lírica á vez, e remata Alonso Montero «porque os poemas deste libro arrincan de premisas doorosas, pero endexamais ruíns, é polo que o Celso Emilio sigue sendo o que xa era en 1962 ó publicar *Longa noite de pedra:* o primeiro poeta de Galicia e unha das voces mais reveladoras do noso tempo» (12).

---

(11) Ben-Cho-Shey: *O herdeiro de Curros*. «La Noche», 21-XI-1962.

(12) Concha Castroviejo. *De Curros a Celso Emilio. Viaxe ao país dos ananos* «Chan» n.º 4, páx. 19. Madrid, 1969.

Co seudónimo de Arístides Silveira, publicou: «*Cántigas de escarnio e maldecir*», que sempre dou por suas e ninguén presentou protesta. Son notas con fino e penetrante humor moi ben poetizado. Leva data de 1968 (13).

Un ano despois, na coleución Val de Lemos, en 1960, publica: «*Terra de Ningures*», poemas datados en moi diferentes lugares, comenzando con «Adios», dende Miami, xa comentado e sigue a Montevideo co poema que da tíduo á coleución: «*Terra de Ningures*», adicada a seus irmáns María e Gumersindo; pola sua sinxeleza e fermosura, incluímola eiquí:

Tiña unha fontela
xa on bebo nela.

Alma, non te apures.

Estaba en algures,
vivo lonxe dela.
e non podo vela.

Alma, non te apures

Vivo lonxe e morro
namentras percorro
terras de ningures.

Alma, non te apures.

O vento de algures
que vai pra ningures.

En Edicións do Castro publícase, pra romance de cego: «*Paco Pixiñas. Historia dun desleigado contada por él mesmo*». «Romance de Arístides Silveira cun limiar tirado dos proverbios do Conde de Vimioso (o velo) e un epílogo de Celso Emilio Ferreiro». Púxolle música I. B. Maiztegui, e dibuxou Isaac Díaz Pardo. E unha peza pra levar á escea, como se representaban nas feiras os pliegos de Cordel, contando crimes que a muller do cego ía sinalando nun cartel bastante grande. A peza de Celso Emilio ten que ser posta en escea no teatro: «mentras non se faga esta experiencia a peza de Celso Emilio non poderá ser xulgada dun modo comenente».

«En tanto non se chegue a esta posta en pé, ¿cal vai ser a actitude dos leutores? Hoxe por hoxe ninguén con mais tíduos que Celso Emilio pra escomenzar un xénero de semellantes características. O autor acaba de poñer ó servicio da denuncia o seu proverbial talento satírico e a sua sabencia no manexo dos xeitos literarios do pobo. Resultado: unha nova dimensión pra literatura galega, modalidá sin precedentes, paréceme, noutras literaturas españolas (14).

(13) Alonso Montero, ob. cit. páx. 14-15.
(14) Alonso Montero: *Paco Pixiñas. Alleamento e cinismo*. «Chan», n.º 35, Madrid, 1971, páx. 26.

No ano 1973, en Edicións Roi Xordo, Xenebra «*Cementerio privado*», versos de crítica medida en finas dosis de humorismo. Inda fallan versos moi sentidos na coleución: «*Onde o mundo chámase Celanova*» imprentado na Editora Nacional, en Madrid con versión castelán realizada polo autor. Na lembranza de Celanova está fixo o corazón do poeta, alí no recanto da sua infancia está permanentemente a saudade, ise sentimento que o poeta resume nun soneto:

Lonxana Celanova vinculeira,
torre ebúrnea da miña mocedade,
cando te lembro sai da sua toqueira
coma un furón de soños, a saudade.

Unha chuvia monótona e tristeira
cai de dote na miña intimidade,
e sinto que unha sombra silandeira,
coma un solpor o meu esprito invade.

Quero voltar a ti, nai garimosa,
colo natal, arxila rumorosa,
pra acalar esta anguria que me berra

dende o fondo da noite estrelecida,
pedindo amor, pregando fe de vida
pra ser eternamente alma da terra.

Leva como lugar de creación Caracas e data 1971. Celanova é o punto de converxencia de ledicias e pesares, que foron moitos os que o aflixiron durante a sua estancia en América. Escríbeo en Galego os «*Antipoemas*», pero non tiveron autorización pra sua publicación que debían sair na Coleución Val de Lemos. Traducida polo autor ó castelán foi premiada co magnífico galardón do Premio Internacional de poesía «Álamo». Agora está publicado no segundo tomo das Obras Completas, onde se incluie tamén a «*Carta a Fuco Buxán*» coas notas aclaratorias do poeta, e ó seu lado están outros poemas soltos e «*Oito homenaxes*», adicados a: O Che Guevara, Federico García Lorca, Alexandre Bóveda, Rafael Alberti, Antón Machado, Rosalía e Castelao.

E rematamos ista síntese manifestando a grandeza do poeta que consideramos enrolado no grupo NOS a quen nunca lle falla inspiración e un delicado, pero fortísimo, amor á terra, e así podemos afirmar que con Celso Emilio vai o poema enraizado no mais profundo do corazón:

Todo o meu ser está ligado á terra,
sábeme a terra todo na memoria,
terra o camiño, terra a miña historia,
terra esta voz que no deserto berra.

BIBLIOGRAFIA

No tomo I de Obra Completa, publicada na Col. Arealonga, n.º 11, figura un interesante traballo de Xesús Alonso Montero: «*Estudio e Bibliografía*». Akal Editor.

Xosé Fernando Filgueira Valverde: «*O primeiro Celso Emilio*». Segundo Adral, Ed. do Castro. Coruña, 1981.

Basilio Losada Castro: Celso Emilio Ferreiro Míguez. Gran Enciclopedia Gallega. T. 12.

Antonio Couceiro Freijomil: Diccionario Bio-bibliográfico de escritores. Edit. Bibliófilos gallegos. Santiago de Compostela, 1952.

Autoescolha poética: Celso Emilio Ferreiro. Colecção Razao Actual. Porto. 1972.

Francisco Fernández del Riego: Antoloxía de Poesía Galega. Do Posmodernismo aos novos. Edit. Galaxia Manuais. Vigo, 1980.

Víctor F. Freixanes: Unha ducia de galegos. Edit. Galaxia, 1982.

Miguel González Garcés: Poesía Gallega de Posguerra (1939-1975). Antología bilingüe con un estudio de Benito Varela Jácome. Ediciones del Castro, 1976, Tomo I.

«A FRONTEIRA INFINDA»

AS RAIGAMES NO AIRE

(Chiquinquirá remata de lavar os platos, sacúdeos para tirarlles a auga e vainos colocando no cunqueiro. Entra na cociña, saca un acio de bananos de embaixo da mesa e comenza a pelalos. Logo colle unha cazola, énchea de agua, mete os bananos dentro e arrímaa ó fogón. Volve ó patio, lava un cacharro e volta á cociña.)

Era domingo. Silveira, deitado nunha hamaca, ollaba dende o patio o ir e vir de Chiquinquirá. Había unha fonda e sosegada pracidez naquela estampa de fogar humilde e limpo, que lle lembraba a súa nenez na lonxana aldea natal. A paisaxe, o clima, a música do aire eran diferentes, pero aquel trafego incansable da súa muller lexítima, era idéntico ó rebulir atarefado da súa nai na casa paterna. Ambas semellaban moverse por un mesmo culto relixioso do fogar. Os labores cotiáns dixéranse que non eran para elas unha penosa servidume, senón un dereito exercido coa conciencia luminosa de quen está cumprindo un rito.

Silveira nunca se fixera a pregunta de se era ou non feliz con aquela vida. Sentía que unha grande sensación de paz abrollábanlle no peito coma un manantío. Respiraba a pulmón pleno, coma cando estiveches mergullado no río máis tempo do soportable e por fin logras subir á superficie. Entón, o pracer de respirar enche a soidade de ti mesmo e sentes que estás máis cinguido ás cousas e á vida. Chegas a un país estraño, desembarcas e non es ninguén. Es un emigrante, ou, se queres, un inmigrante. Sabes un pouco de agricultura, un pouco de papeis, un pouco de mecánica e un pouco de comercio. Total, nada, unha pobre enciclopedia de coñecementos inútiles. Sabes iso si, manexar un fusil ou unha ametralladora, porque estiveches na guerra e ensináronche a ser bravo, é dicir, un bo soldado. Pero esas habilidades xa non serven cando, os que chas ensinaron, conquiren os seus obxectivos e a guerra remata. Entón quixeches encamiñar a túa vida, pero non puideches tomar rumbo. Fame, escaseces, estraperlo, inmoralidade. Non había sitio para ti. A túa aldea natal era un cemiterio, unha coutada que te abafaba. A cidade, vista dende un andamio, ou dende unha chavola dos suburbios era un inferno. E ti non podías arelar outro mirador; porque non o tiñas, porque o sistema de vida naquela sociedade que te rodeaba, non estaba feito para ti, á túa medida, ou quizais, ti non estabas feito á medida do sistema. A pobreza afogábate co seu dogal de necesidades insatisfeitas. Falaches de emigrar ás Américas e o escolante díxoche que era unha cobardía, que os pobres que teñen conciencia de

si mesmos, non emigran; protestan, loitan, rebélanse contra a inxustiza que os quere obrigar a fuxir da patria.

(Chiquinquirá trae auga nun caldeiro e comenza a verquela no patio para que o vento non erga po. Bótalle auga as galiñas, entra no comedor, abre a fiestra e ponse a varrer. Cando remata pon a pala da vasura e a escoba nun recanto. Acende un pitillo e sérvese un vaso de leite, que bebe a modiño.)

Agora comprendes. Mirabas as cousas con ollos trabucados. A túa aldea non era un cemiterio, nin unha coutada, senón unha célula maravillosa, un pequeno organismo que, anque enfermo, estaba cheo de vida. ¿Lémbraste de Rixona, a pranteira que choraba a xornal nos enterros? Unha vez chegoulle das Américas un fillo emigrante, que, ó pouco tempo morreu dun mal estraño. A xente pensou que, como o morto era propio, a Rixona tería que facer un pranto con moita máis galanura que se fose alleo. Unha moitedume espectante asistiu ó enterro, pero a chorona profesional permaneceu muda, asomada á fiestra ollando en silencio cómo levaban ó seu fillo, mentres as bágoas baixaban polo seu enrugado rostro e caían como goteirón de chuvia sobre do perpiaño.

Na aldea vivían seres orixinais, curiosos de coñecer, coma aquel señor Bautista, que tiña cen anos e era o arquivo vivinte da comarca. Ti mirábalo pasar tódalas tardes camiño da taberna, onde pedía sempre un vaso de augardente que saboreaba en pequenos grolos, mentres, coa mirada perdida e co pitillo na boca, enviaba grandes bocadas de fume, que após botaba polos buracos do nariz e dous bafos, que lembraban un cabalo canso unha mañá de xeada. Un día falaches con il, e, por dicirllo algo, preguntáchesIle a qué se debía que, sendo tan vedraio, se atopase tan san e farruco coma un mozo. Ti agardabas que che falase da vida arranxada, de erguerse cos galos e deitarse coas galiñas, pero sorprendeute dicindo que a súa longa estadía entre os mortais debíase ó tabaco, que, segundo il, era moito máis amigo do home có can, un animal que ten pulgas, morde e ás veces ponse danado. «O tabaco é unha espora para a pantasía e fainos compaña nas horas de soidade, que son as vintecatro do día», dixo o vello. «Ademais —engadiu— ten virtudes curativas, segundo os libros, pra a auguedá do sangue. Tamén cura toda clase de sarabullos e sarnas, se se maza con malvisco, folla de celidonia e gordura de pé de boi, coidando de non comer cousa picante e de tomar tépedo o viño. Por outra banda, está probado que o fume limpa as vías respiratorias de toda clase de microbios e por ende pode afirmarse que alí onde entra o tabaco non entra o médico».

(Chiquinquirá púxose a lavar a roupa no regato que hai frente ó portón do patio. A medida que as pezas van quedando limpas, enxáugaas, retórceas e ponas a secar no tendal. Cando remata, lava os pés e cambia os zapatos. Entra na casa e colle un caldeiro con comida para o porco que rosma no curral.)

«Esas lendas son moi divertidas —dixéchesIle ó señor Bautista— pero eu quixera que vostede, que sabe tantas cousas, me contase o da miña nai, que

nunca puiden sabelo a enteiras e verdadeiras.» «O da túa nai foi unha desgracia, filla da ignorancia que por aquel tempo tiña comesta á xente desta terra. Falemos doutras historias, que auga pasada non move muíño.» «Móveo —replicaches—. A auga de hoxe non é máis có rabo da auga de onte.» O vello quedouse ollándote de esguello, en silencio, como querendo adiviñar o senso oculto das túas palabras. Despois, comenzou a falar. «A túa nai estaba preña, agardándote a ti que ías nacer cinco meses após. Teu pai achábase moi doente, collido dun mal que lle din aliacán vesicular, e como os médicos xa non daban conta dil, a túa nai recorreu ós oficios da Rixona, que agás de choromica, era curandeira pola arte antiga. Cando a Rixona chegou á vosa casa, un anuncio de morte semellaba estar pendurado no aire mesto da habitación. Teu pai, que aínda era mozo, parecía un vello sulcado de enrugas, ou mellor dito, simulaba un esquelete cuberto cun pergamiño marelo.»

—Imos ver que é isto —dixo a Rixona póndolle as maus na frente ó enfermo.

Estivo unhos intres en silencio observando.

—Moito me engano se non é mal de ollo —engadiu—; tamén puidera ser un mal aire con desconxuntamento das xunturas por mor da osipla.

Rosa, a túa nai, escoitaba co pasmo aniñado dos seus ollos azuis. A curandeira continuaba o seu dictame.

—Este tremer do pap, dáme mala espiña.

Rosa comenzou a chorar e o enfermo a queixarse.

—Ai, Rosa, que mal bebedizo me deron, ai, Rosa...

Despois, sen bafo xa, quedou coa boca aberta nunha carantoña de máscara.

—Polo si ou polo non —dixo a Rixona—, fareille un bo esconxuro para desbotar o mal.

Rosa volveu a xemer.

—Pobre de min, preñada de catro meses e sen amparo no mundo. Cativo fillo, que me vai nacer orfo de pai, coma fillo de solteira.

—Cala, muller —díxolle a Rixona—, cala que todo se arranxará. Imos comenzar as santas palabras. Axeónllate e contesta amén a todo canto eu diga.

—Amén —dixo Rosa póndose de xeonllos.

—Por se fose mal do aire correrémolo de seguida: Santa Lilaila co seu pai ía, camiñando noite e día. Oh, padre mío, ¿que é aquilo que tanto brilla? É o aire que trae a ardentía. ¿Como se curaría? Con unto de porco macho, querendo Deus e Santa María.

—Amén —suliñou Rosa.

—¡Ai, Rosa, que bebedizo tan negro! —chamaba o doente.

(Chiquinquirá entra na casa, colle roupa de enriba dunha mesa e pona na mecedora. Limpa a mesa, arrástraa ata o patio e disponse a pranchar. Saca a prancha dun caixón, bótalle gasolina, bombéalle aire, acéndea e comenza a pranchar.)

A curandeira, facendo cruces sobre do peito do enfermo, seguiu co esconxuro dos ósos desconxuntados.

—As ondas do mar, veñen e van. Os ríos morren no mar. As xunturas deste corpo, volvan onde teñen que estar.

—Amén, Deus te oia —dixo Rosa.

Escurecía. Polos vidros da fiestra entraba o solpor.

—Neste pucheiro —dixo a Rixona— puxen a cocer un corno de cabra e tres seixos. Esta auga, así Deus me perdoe, fai máis efeito cá auga bendita.

Do peto do mandil sacou un ramiño de oliveira, mollouno na auga e batuxou a cabeza do enfermo, que case xa non bafexaba. De súpeto, afora no campo, escoitouse o canto da curuxa. A Rixona voltou a cara e abriu os brazos.

—Pasa mala cousa, pasa, e que San Xoán benzoe esta casa.

Seguiu co esconxuro.

—Sal que vés da mar amarga, retira esta mala ollada, sexa de morto ou de vivo, que o mal quede vencido.

O enfermo quería falar, pero as palabras morríanlle na gorxa. Tiña os ollos pechados e un tic nervioso latexáballe nas pálpebras.

—Agora hai que agardar se o mal remite —dixo a curandeira—. Se non remitise haberá que saber que malquerencia che treouxo esta desgracia.

Rosa comenzou a berrar.

—¡Xa sei quen é a bruxa que fadou ó meu home! Foi Ádega, a muiñeira. Unha vez rifamos e eu díxenlle que viña dunha caste de gafos. Entón, ós poucos días, ben me lembro, estaba eu co meu home diante desa fiestra e de pronto sentimos un arrepío. ¡Era ela que nos estaba ollando dende o camiño! ¡Ollada de loba!

—Non me estraña —comentou a Rixona—, disque ten pacto co demo.

—Foi ela, foi ela quen mo enfeitizou —insistía Rosa—. ¡Corpo lanzal do meu home, quen te viu tan garrido, e quen te ve agora feito unha lacería!

Ergueuse e camiñou cara á porta da casa.

—Voulle pedir que desfaga o mal que me fixo.

Chegou ó camiño, atravesou unhos lameiros e pronto estivo á porta do muíño. Chamou e saíu Ádega cun candil na mau.

—Por quen máis queiras. Ádega, quítalle o andacio ó meu home. Eu retiro as inxurias que che dixen e se queres regáloche dúas sabas de liño con lendas...

A muiñeira regañou os dentes coma can enrabexado.

—Dixeches que viña dunha caste de leprosos e non quero perdoarche.

—Ppolo meu fillo. Ádega, polo fillo que vou parir.

—Tamén o teu fillo che nacerá danado, entangaranido e tolleito.

Cando Rosa voltou á casa, o enfermo estaba xa morto. Tiña os ollos moi abertos, mirando sen ver cara ó escuro teito da habitación. Rosa debruzouse sobre do leito chorando xordamente. De pronto, xa non tivo bágoas. Ergueuse.

—¡Acudide veciños, acudide axiña, que mataron ó meu home!

A casa encheuse de xente traída polo pranto de Rosa. Unha veciña quixo levala de alí, pero a Rixona opúxose.

—Deixádea apalpar os seus probes ósos para que poida recoñecer o seu corpo o día do xuício final.

Rosa fíxolle o dúo á pranteira.

—¿A onde poderei ir agora para falar contigo? Ai, honrados veciños, non me fagades escarnio se me ollades andar de noite polos camiños, buscándolle o rumbo ás estrelas...

As veciñas formaban un retábulo de rostros patéticos.

—Non somos nada, carne para os vermes, ai, Deus.

A Rixona, que se sentía un tanto humillada co fracaso do enfermo, quixo desquitarse, pondo en evidencia as súas dotes de choromica, e comenzou a himpar os seus mellores laios fúnebres.

—Está escrito que o home nace de muller, vive pouco tempo, múrchase coma unha flor e foxe como unha sombra.

Cambiou o ton de voz e, dirixíndose á viúva, recitou calmosamente:

—Ouh, *muro de la hija de Sión* clama ó ceo e verque bágoas ata formar un regato, pero non chores polo defuntiño, que a morte é mandato de deus e hai que ter obediencia. Chora polos que viven e polos que nacen, que a vida é unha miseria cheíña de misterio.

O coro de veciñas, confirmaba os laios.

—Ai, Deus, non somos nada...

Días despois do enterro, Rosa atopouse coa muiñeira nun camiño.

—Xa me fixeches mal de abondo. Non te cebes en min. Retíralle o mal ollo ó fillo que me vai nacer, que é inocente.

—O dito está dito —replicou Ádega—. O teu fillo virá tocado de maldición, nacerache tolleito, non terás sosego con il.

Rosa sentiu que unha nube escura se lle puña diante dos ollos. Latexábanlle os pulsos á présa e semellaba que o corazón ía estouparlle no peito. Cun laído rouco, tremendo de furor, achegouse á muiñeira e coa sachola que portaba, comenzou a golpeala, unha, dúas, cinco veces, ata que Ádega caeu sangrando, esmorecida. Rosa botou de si a sachola, e a tumbadelas, coma se estivese bébeda, voltou á casa e deixouse caer debruzada no leito, cheos de sonos os ollos. Nunca soubo o tempo que estivo alí, escoitando o balbordo do bosque e do río, que naquel intre parecíalle formaban parte dunha paisaxe remota coma unha lembranza da nenez. Só soubo que chegaron os gardas e levárona presa. «Por iso ti, Silveira, naciches no cárcere e viviches nel os primeiros cinco anos da túa existencia.»

(Chiquinquirá colle unha colcha do armario e ponse a coser nela. Ó rematar, mira para as árbores e dille a Silveira: «*El cristo fue se ha puesto a cantá y es señal que va a llové*».)

Agora comprendes. Cando a túa nai e ti voltastes do cárcere, a xente aga-

sallouvos e moitos veciños axudaron a refacer o voso fogar, desmantelado pola incuria daqueles anos de abandono. O feito sanguiñento era para iles un acto de heroísmo e de lexítima defensa. Era unha interpretación primitiva, pero non baleira de senso, atendendo ás crenzas que a motivaban. ti apenas te lembrabas. A túa memoria máis lonxana soamente acadaba a recordar a túa iniciación no traballo da terra. Fixeches de pastor. Soubeches dos fecundos termos da labranza. Aprendiches a podar, a enxertar, a munguir unha vaca e a tosquiar unha ovella. Viviches a vida humildosa do labrego de minifundio, sempre sobrado de traballo e faltoso de diñeiro e de satisfaccións. Ti sabíaste dotado para ser algo máis que un destripaterróns, e túa nai, que tamén o sabía, sufría grandemente por non poder liberarte da terra. A paisaxe encadeábate co seu engado. Había unha hora moi fermosa, no solpor, que che gustaba máis que ningunha, cando o val se cubría de sombras mouradas e de luces palpabrexantes. Nunca máis volviches sentir aquela beatitude, aquela comunión coa natureza. Pero tiñas algo en ti que se resistía á entrega. Un escuro presentimento, unha vaga adiviñación, dicíache que aquela beleza, aquela beatitude, aquel atraerte ó conformismo da inxustiza que te arrodeaba.

Liberácheste da gleba, deixaches o terrón e fuches polo mundo. Agora xa non mungues as vacas, nin podas as viñas, nin enxertas as mazairas. Agora, coas raigames no aire, es tan só un número na nómina de xornais da «Shell Petroleum Corporation» de Maracaibo.

(Chiquinquirá volve á cociña, revisa a leña do lume, coloca unha cunca de manteiga sobre da cazola de bananos, para que se derreta. Bótalle especies que colle dunha caixa. Cando estivo mesturado, verque a manteiga nos bananos. Revolve o arroz cunha culler de pau e sae ó patio. Achégase onde repousa Silveira (ela sempre lle dicía Silverio) e bambeando a hamaca suavemente, díxolle: «*Despierta Silverio, deja la jamaca, tómate un palito, que vamoj a almorsá*».).

O FILÁNTROPO

Na miña casa había unha especie de santuario familiar chamado a «sala vella», onde ó longo dos anos fóranse acumulando cacharros, cachivaches, retratos e bisuterías que deslumbraban a miña atención de neno dado ás fantasías e imaxinacións desmedidas. Alí estivo unha caracola que tiña prisioneiro o lonxano bruído do mar. Alí, un reloxio de area. Alí, un alfanxe que dis trouxera meu avó da guerra de Marrocos. Alí, un libro de arte coquinaria, encadernado en pel, escrito por Francisco Martínez Montiño, cociñeiro maior de El Rei. Tamén tiñamos un retrato da miña avoa. Adosinda enfundada nun vestido de muaré, co van que lle decían de avéspora, e un abanadoiro afiligranado nas maus gordelas e brancas de moza señoriteira e ben mantida. Pero, entre aquela morea de cousas inanimadas, o que mais me intrigaba era o retrato dun irmau do meu avó, tío Olegario, un home serio de rostro duro, coa súa barba de mariñeiro, a súa gravata de plastrón e o seu *jipijapa* de anchos aleiros.

O meu tío Olegario era inmensamente rico. Segundo noticias, tiña un enxeño en Cuba que se extendía por toda a provincia de Matanzas; tiña dúas fábricas de tabaco e máis de dez millóns en diñeiro contante. Sendo un rapazote emigrou, coma outros moitos desta terra, e traballou en toda clase de oficios, ata que, levado pola sacra fame do ouro, meteuse negreiro. Por aquel entón, a trata estaba xa prohibida e os mares vixiados por barcos encargados de perseguir o negocio infame. Estes riscos encarecían o valor da mercadoría. A maior perigo, maior precio e maior gañancia. Pero, había que ter sorte, e meu tío, seica non a tivo. Fixo varias viaxes como segundo dunha goleta chamada *O defensor de Pedro*. Mercaban ós probes negros na Costa de Ouro a cambio de produtos varios, e levábanos, en penosas e longas navegacións, ata Recife, no Brasil, onde abundaban os bos marchantes que pagaban en moedas de ouro. Soamente unha vez chegou o cargamento sen novidade ó seu destino. Nas restantes, encontraron fortes impedimentos, unhas veces debidos ás pestes que se declaraban entre os escravos, e outras á rebelión dos propios negros, que, enrabechados pola fame e a sede, rebentaban as trapelas do sollado e abrollaban coma un volcán de tinta sobre a cuberta, onde eran dezmados polos disparos dos tripulantes. A derradeira viaxe foi desastrosa. Preto xa das costas do Brasil, unha tarde saíulle por babor un barco de guerra que invitou ó *Defensor de Pedro* a que se detivese para facerlle un fondeo. Como a fuxida non era posible e a comprobación do cargamento supoñía a morte na

forca, o meu tío viuse obrigado a botar polo portalón de estribor ós cen negros que levaba no sollado, cargados de cadeas e con pesos para que fosen dereitos ó fondo o mar, sen deixar rastro. E, anque o fedor a catinga que os barcos negreiros espelían era un rastro dabondo para a evidencia do trato infamante, as autoridades marítimas non o tiñan por proba definitiva e deixaron que o *Defensor de Pedro* seguira o seu rumbo. Este fracaso fixo que o meu tío se retirase á Habana, onde chegou totalmente arruinado, pero disposto a seguir tentando a sorte, que, de súpeto, volvéuselle amiga, na figura dun xudeo recén chegado a Cuba fuxindo dos *progroms* centroeuropeos, cunha boa manchea de dĺares no peto e unha filla gorda, optimista e sentimental que se chamaba Noemí. O xuedeo resitía moi mal a claridade cegadora da Habana. O sol do trópico metéuselle no cerne dos ósos e comenzou a mirrar coma figo paso, ata que pasou a mellor vida e Noemí tamén, consolada pola xentileza do meu tío repentinamente namorado da rica herdeira, coa que, ós poucos meses, casou pola lei civil e polo rito hebraico. Pasado un ano, Noemí deixou a meu tío viúvo e dono da súa non pequena fortuna, base da grandísima riqueza que despois tería de amasar, especulando con toda clase de negocios, case nunca limpos.

Por suposto que esta historia que estou contando agora, sóubena anos despois de morto meu tío. No tempo en que eu admiraba o seu retrato na «sala vella», nada sabíamos del, salvo que emigrara corenta anos atrás para perderse nas dilatadas terras de alén do mar. Ata que un día chegou de Cuba un emigrante que contou na taberna todo canto sabía, que non era pouco.

—Non tódolos que emigran, voltan coma min, fracasados. Hai outros que teñen fabulosas riquezas e viven coma príncipes. Algún que eu coñezo morou por estes camiños e agora podería mercar toda esta terra se lle apetecese.

—Mira, chacho —dixo o taberneiro—, será certo o que contas, pero a min cústame traballo darlle creto porque moi mal fillo desta terra tería que ser o «americano» ese, para non acordarse, nin para mal, da súa nacencia.

A noticia correu por toda a comarca e chegou a ouvidos dos meus pais, que, aconsellados polo señor cura párroco, acordaron escribirlle ó tío Olegario, sen deixar entender que estaban ó tanto das súas riquezas, para que non tomase ó mesquiño interese o desexo de establecer contacto epistolar. Meu pai, coa súa mellor letra, riscou unhas liñas conmovedoras para aquel parente «do mesmo sangue, perdido polo mundo, sendo a nosa meirande preocupación pensar que acaso estivese enfermo e sen diñeiro, nun hospital, e nese caso, nós, dentro da nosa pobreza, estabamos dispostos a axudalo». A carta foi dirixida ó Cónsul de España na Habana, con prego de serlle entregada ó destinatario, onde se atopase.

Un día, por fin, chegou a carta de resposta, na que tío Olegario volcaba a súa alma de vello loitador e as súas rarezas de solteirón enviuvado. *«Sólo lo positivo, lo tangible es verdad verdadera. Todo lo demás es cuento. Deseo que vuestro único hijo sea mañana un hombre práctico, sin sentimentalismos*

ni veleidades. Si por desgracia os saliera un teórico, es mejor que se muera ahorita, ya que nada más que disgustos os traerá.» Máis adiante, e para confirmar as súas ideas practicistas, dicía non sentir ansia ningunha de voltar á terra natal, *«nido de caciques desalmados donde toda miseria y mezquindad tiene asiento.»* Disto, a dicir que a familia tampouco lle importaba, non había máis que un pequeno treito, pero, os meus pais, obsesionados pola idea da fortuna que coidaban ía entrarlles pola porta, non se preocuparon de descifrar o galimatías daquela carta.

Todo cambiou no noso modesto fogar. A meu pai desenrugóuselle o cello endurecido polas diarias dificultades, e a miña nai aledáronselle os ollos, que sempre tiña tristeiros e coma ausentes. Ata eu mesmo comencei a sentirme un ser superior, e miraba por enriba do ombreiro ós outros nenos da aldea.

Á hora do xantar e da cea, era cando os meus falaban do meu porvir, que adiviñaban esplendoroso. Terás que estudiar unha boa carreira, que non será de crego, nin de médico, nin de arquitecto, nin de mestre. Será de perito agrimensor que é unha carreira práctica e positiva como o tío quere. Sairás a mensurar os predios e a facer partixas, e quen parte e ben reparte, para si a mellor parte.

Eu aceptei resignado os plans dos meus pais, anque me houbese gustado ser outra cousa. Pero non me atrevín a contradicilos. Meu pai houbérase disgustado e meu tío Olegario, sabe Deus que determinación tomaría... Aínda tiña na memoria as palabras da súa carta: *«Si por desgracia os saliera un teórico, es mejor que se muera ahorita».*

Poucas cartas chegaron do tío, pero un día déronnos noticia de que morrera. ¡Que grande día puido ter sido aquel! A dúbida de se o tío se acordara de nós no seu testamento, tíñanos a todos inquedos, silandeiros e desacougados. Meus pais vagaban pola casa sen valor para mirarse á cara. Pasaron dúas semanas e como non houbo noticias os meus pais decidiron rematar con aquela incertidume facendo unha xestión preto do Cónsul de Cuba na cidade. O resultado foi catastrófico. Tío Olegario tivera a xenialidade de legar tódolos seus bens e unha fundación benéfica da provincia de Matanzas. O Cónsul, ó darlle a mala nova a meu pai, díxolle cun sorriso burocrático:

—Debe vostede estar orgulloso de ter na familia un filántropo de tal estirpe...

—Un filántropo, un filántropo —repetía o meu pai totalmente abraiado pola noticia.

Todo se veu abaixo coma un castelo de baralla. Os nenos da aldea comenzáronme a ollar, eles a min, por enriba do ombreiro. Os ollos da miña nai volveron a encherse de melancolía. Meu pai, vagaba dun lado para outro, co seu cello máis duro que nunca. Eu sentía un rancor que me mancaba no peito.

Unha tarde cheguei da escola cunha idea fixa. Meus pais saíran da casa e os meus pasos soaban coma martelazos camiño da «sala vella». O retrato do tío Olegario parecía ollarme ironicamente.

—¡Canalla! ¡Sangue desleigada! ¡Mal home!

Turbáronseme os ollos e pareceume que tío Olegario se ría de min detrás das súas barbas de mariñeiro. Sentín que un furor homicida me atormentaba. quixen seguir berrando, pero a voz apagóuseme na gorxa. Por dentro, un mandato irresistible ordenábame: ¡Mátao! ¡Mátao!

Rubín a unha silla, despendurei o retrato e, con tódalas miñas forzas, esfareleino contra o chan. Despois, co alfanxe que dis trouxera meu avó de Marrocos, apuñalei aquel rostro odioso, ata deixalo coma unha criba.

Cando rematei, mireime as maus tremantes, que me pareceron tintas en sangue.

«A TABERNA DO GALO»

ONDE SE CONTA A HISTORIA DUN BURRIÑO CHAMADO CANUTO

Moitas veces penso que a humanidá é inxusta coise animaliño orelludo e doméstico, humilde e resiñado, chamado burro. ¿De onde ven esa mala sona que o presenta coma un ser ínfimo, degradado e vil? Na paremioloxía de tódolos pobos non hai nin unha soia frase que o louve. Burro é sempre sinónimo de parvo, testudo, pechado de cachola e iñorante. Lémbrome que na escola, ós nenos que non éramos capaces de adeprender de corrido o catecismo do Padre Astete ou a Historia Sagrada de Fleury, o mestre púñanos unha sorellas de burro feitas de papel de barba e atadas á cabeza cunha baraza. Eu non sei si como método pedagóxico era eficaz, pro, dende logo, a descalificación acadaba máis ó escolante castigador que ó neno castigado. E a propósito de bulrador bulrado, contábase na vila que un crego nado alí foi nomeado coengo por don Gabino Bugallal, e indo unha tardiña de paseo pola orela do Tormes, en Salamanca, con varios compañeiros de cabildo, atoparon cun afilador que pasaba tocando o chifro detrás da súa roda.

—Vades a ver —díxolle o coengo ós seus acompañantes— qué torpes son os meus paisanos—. Dirixíuse ó afilador:

—Oe, galego. Posto a ser burro ou cabalo, ¿tí qué elexirías?

—Burro —contestou o paisano.

—¿E por qué? —inquiriu o coengo.

—Porque sendo burro sempre podería chegar a coengo como vostede.

E sin máis, sopróu no chifro e puxo en marcha a roda camiño da cibdá.

Frei Lois de Granada, nun dos seus libros afirma que «el buey es fuerte y robusto, el asno perezoso». Qué descoñecemento o do freire no tocante a burros. Chamarlle preguiceiro ó burro cando é el o que apaña con todos os mesteres de cárrega nas casas onde o teñen, precisamente pra facelo traballar coma un burro, é o colmo da inxusticia. Pro aínda hai máis. Si un home sándeo ou presuntuoso se nega a tomar consello de aqués que poden darllo, dise que *non quere cair da súa asneira*. Válame Dios, qué aldraxe. Pró asno, por suposto. Tamén se di que o rico, anque sea analfabeto integral, acada todo o que se propón: *asno con ouro consígueo todo*. E dos parvos que non saben gardar segredo, dise: *o asneiro dirá o propio e o alleo*. E pra indicar que cadaquén debe axuntarse co seu semellante, afírmase: cada asno co seu tamaño. Suma e sigue. Si unha persoa non entende de sotilezas propias de xente letrada, dicen que *non se fixo o mel prá boca do asno*, que é tanto como decir aquelo de *darlle margaridas a porcos*.

Si estas noxentas caloñas non fosen suficintes pra demostrar a mala lei que a xente lle ten ó burro, podería engadir a que lle inventóu un filósofo francés chamado Buridán, quen, pra espoñer os seus descobrementos encol do siloxismo e da determinación na libertá psicolóxica, non se lle ocurríu outra parvada que pór de exempro a un burriño que estando entre dous feixes de ferraña, enteiramente semellantes en calidá e forma, non soupo decidirse por ningún dos dous e, diante tamaña dúbida, deixóuse morrer de fame. ¿Cómo se lle pode achacar a un burro algo así coma a duda metódica, propia de homes esgotados pola sabencia libresca e a soberbia intelectual? Calquera que seipa un pouco da vida e conducta destes animaliños, sabe que un burro, seña grande ou pequeno, seña branco ou rucio, cando se atopa con dous feixes de feno, frescos e apetitosos, a carón dos seus dentes, salvo que esté padecendo de torozón, ponse de inmediato a comelos, un detrás do outro, sin entrar en consideracións encol da lóxica, ese laberinto inventado polos homes pra disimular a súa falla de lóxica (1).

O seu aboengo histórico é dilatado e ilustre. Abrahám cangóu nun burriño o feixe de leña pra o sagrificio do seu fillo. Estóu seguro que cando Dios dixo, *detente Abrahám, non mates ó teu fillo*, o mandato saíu pola boca do burriño. Xob, cando quería presumir de acaudalado, decía que tiña seiscentas asnas. Zacarías profetizóu que Xesús entraría en Xerusalén acabalo dun burriño novo. E acordémonos, anque de paso, do *asno de ouro* da Metamorfosis de Apuleio. E xa que comenzamos mentando persoaxes bíblicos, lembrámonos que na Biblia (Números, cap. 22) cóntase a historia de Balaam e da súa asna, Balaam ía campante montado na burriña, por camiños que non eran gratos a El Señor. Un anxo mandado por Iavé, agardábao nunha encosta coa espada núa na man, pro tomar vinganza. Balaam, que era parvo, non ollóu ó mensaxeiro armado. A burriña si o viu e apartóuse do camiño pra que o anxo non levara a cabo a súa represalia. Así, tres veces, e todas tres. Balaam que por toutizo non alviscara o perigo, batéulle á asna co seu caxato pra facela voltar á dereitura do camiño. Entón Iavé, vendo a torpeza e maila ingratitú de Balaam, deulle á burra o don da fala.

—¿Qué che fixen eu pra que así me maltrates?

—Porque te bulrache de min tres veces —contestóu Balaam—. Ogallá trouxera a miña espada pra matarte por tan grande falla de respeto.

—¿Non son eu túa? Cabalgas sobre o meu lombo dende que me tes —voltóu a falar a burra—. ¿Bulréime acaso algunha vez de ti?

—Pois non, eso é certo.

—Entón, ¿por qué eres tan torpe e me bates cando eu te quería avisar do perigo que asexaba no camiño?

A pergunta non tiña resposta doada, e Balaam quedóuse calado coma un

(1) Un refrán di: Vezóuse o burro ás berzas e non deixóu verdes nin secas.

peto, non se sabe si agradecido ou non á burriña que o salvara das irás de Iavé e da espada do anxo. O libro, polo menos, non di nada ó respecto.

Todas estas disquisicións veñen a conto de que o Emiliño, cando era neno pedíulle ós reises magos, polo tempo de Nadal, unha bicicleta, pero os magos, cicáis porque non dispuñan dun artiluxio tan moderno, puxéronlle en troques un burriño roán, cumprido de alzada, con dúas fitas negras nas ancas, unha estrela na testuz, orellas ergueitas, fortes cascos andadores e rabo bulidor. Un burriño coa súa montura aparellada da que penduraban os estribos labrados en pau de freixo, con cravos e febillas douradas, cabezada garnida tamén de cobres, na que se afianzaba o bocado ferreño coas rendas de coiro enriba do seu pescozo de ciño. Semellaba que ainda o estóu vendo. Era unha beleza. O pai de Emiliño púxolle ó burro de nome *Canuto*, non se sabe moi ben por qué, anque o boticario da vila, home enteirado, decía que o alcume víñalle do *Frai Canuto*, personaxe rixoso dunha famosa zarzuela.

O *Canuto* era certamente (coma o seu homónimo da zarzuela) un padrote incansable, montador de asnas en sazón de apareamento. O Emiliño, pra darlle satisfacción a estas apetencias solía levalo, nos días de feirón, á tapada do touzal onde os feirantes deixaban as cabalgadas. Burra ou mula, e incruso algunha égoa, que alí estivese en tempo de ser cuberta, axiña era montada polo *Canuto*, en funcións de garán gratuito. Unha vez cumprida a súa misión, tornaba á vila con paso ledo e o Emiliño acabalo.

Co aquil burriño lanzal, que sabía trotar a xeito e tiña un paso de andadura soave coma o vóo dunha anduriña, o Emilio percorréu toda a bisbarra, fixo escursións, asistíu a feiras e romerías, rubíu ás serras, camiñóu polas chairas, visitóu as aldeas máis remotas, foi de caza e de pesca, e incruso se atrevéu a ir un día a Ourense onde, nunha praza de touros improvisada no campo de San Lázaro, toreaban Cagancho e Nicanor Villalta.

A estampa do Emiliño acabalo do seu burro era familiar na vila, pola que cruzaba a diario pra levalo a beber no pilón da praza, ou ó trasquilador que lle dibuxaba nas ancas, a punta de tixeira, unhas grecas barrocas que daba gusto velas. Lembrando cicáis istes tempos, dixo, anos dempóis, nun poema:

> E véxome rubir, neno que eu era,
> montado nun burriño, costa enriba,
> camiño de Acibeiro onde mouraba
> toda a infancia miña.
>
> No outo do Penagache
> branquexaba a neve
> e morría o outono.
> A serán e a paisaxe,
> irmás xemeas,
> esvaíanse nos bosques de ouro.

Nos seus primeiros versos, lémbrome dun que decía:

O meu burriño branco
semella un potranquiño
coas súas fitas negras
e un luceiriño.

«CARTAFOL DE POESIA»

O SONO DO NENO

O anxo azur do sono, quedamente
chegouse con vagar de sombra amiga,
marmuróu paseniño a súa cantiga
e ti, amor, durmiches docemente.

Durme ti, meu pequeno, pois somente
durmindo beberás a luz infinda
do teu alborexar, que Dios che brinda
coas maus en cunca e con surrisa leda.

Bebe soaviño o teu soñar de seda
que de sofrir tempo terás aínda.

O MEDO

Cando o corvo da noite se pousaba
nas derradeiras luces do solpor,
os meus ollos de neno
enchíanse de bágoas e de lóstregos.

O vento que fungaba nas vereas
era un home langrán envolto en brétema
cun fol ó lombo pra levar meniños.

Os albres semellaban
pantasmas de cabalos desbocados
agallopando os eidos.

Un medo que me viña
das raíces do mundo
tremíame no sangue.

Pasaba o xornaleiro asubiando
con dous luceiros prendidos na eixada,

Pasaba o cazador
con bafexantes cans
arrecendendo a toxos e carqueixas
i eu tiña medo.

Pasaban de ruada os fortes mozos
que voltaran da guerra tan contentes,
i eu tiña medo.
Ao pasar ó meu lado e verme os ollos,
alporizados, pasmos, decíanme:
«Non teñas medo»,
i eu tiña medo.

Soio cando chegaba ós meus ouvidos
a doce voz de mel da miña vella,
eu xa non tiña medo.

Agora non comprendo
como aquil ser cativo,
aquela vella nena tan endébel,
(nos seus ollos azures
había luces de amenceres novos)
podía escorrentar tan grande medo.

«O SOÑO SULAGADO»

FALARÉIVOS DE MIN

Falaréivos de min anque me doan
as escuras raíces dos meus soños.
Celso Emilio me chaman pero eu teño
outros nomes máis irtos apuntados
nun rexisto de ventos polifónicos
cun fondo musical de frauta triste.

Meus nomes sin palabras. Mainamente,
de par en par abertas sempre as portas,
espallándome vou polos camiños
co corazón aceso en cen abrentes,
nas maus a luz, nos ollos margaridas,
e unha piedá de río sin orelas.

Neno que fun e son, pésanme os anos
cargados de minutos e de días,
de beixos e de cárceres. Cadeas,
lóstregos, vermes, homes en ringleira
baixo a chuvia, isa frol nada no outono.

Lonxana primavera nunca volta,
que nun intre vivín de pedra ou arbre,
canle de Dios que cara o mar me leva,
xílgaro azur, ronseles do pasado,
feridas coma labres no remorso;

Andando vou, alporizado o corpo
nun latexo sin fin que me agriloa.

Eisí me chamo eu. En fume escritos
os meus nomes están. Vádeos decindo
cun fondo musical de frauta triste,
de bágoas esbarradas

petándome docote nas pupilas.
Vádeos decindo en verbas pequeniñas
coma coitelos fríos pola gorxa.

Non me chame ninguén por outros nomes,
alcumes meus en fírgoas entrevistos,
escura voz dun soño sulagado.

SAUDADE

A silandeira sombra sin consolo
de aquil que fun, decote vai conmigo.
Lexano amor, hedra que medra e medra
dentro de min rubíndome amodiño.

Aquil que fun non son, por iso estamos
xuntos os dous. Aquil que entonces era
coma un río fuxíu, pero quedóuse
coma o río que pasa e sempre queda.

Fecunda sementeira do pasado,
espello meu, única vida viva,
tódalas cousas morren i esmorecen,
somente ti, lembranza, te eternizas.

Espello meu, no que me estóu ollando
iste que agora son xa non esiste.
O tempo faise estatua na saudade.
i eu morro de saudades cada intre.

OLLÁIME BEN

Olláime ben, eu son un arbre triste
feito de escura terra.
Un segredo de outonos e de lúas
pola raíz me chega.
Un agoiro de páxaros durmidos
nas miñas ponlas medra.

Vede estas maus de ventos e solpores,
vede como latexan.
Son os froitos acedos
dunha antiga colleita
de medo e de soidá. Sobre min choven
as soidades amargas das estrelas.

Olláime ben, eu son un arbre triste
afincado na orela
dun río interminábel, misterioso,
de muda voz coma o falar das pedras.
Estóu pechado en min. Alá por fora
os homes viven, morren, sempre a cegas
camiñan apalpando a longa noite,
namentras o bon Dios, calado, espreita.

MOI LONXE

Verdes outeiros da nativa terra
durmindo nun azur de fumes quedos.
Rente de min estades, doces cumes,
pero eu estóu moi lonxe, lonxe, lonxe.

Serpe de prata, río, longo espello
pasando con lecer. As túas augas
navegan o meu peito lentamente,
pero eu estóu moi lonxe, lonxe, lonxe.

Antigas torres en líquenes douradas,
o chafarís, as rúas silenzosas
vanme cantando un son de gaitas ledas,
pero eu estóu moi lonxe, lonxe, lonxe.

Un neno loiro con preces sulagado
buscando amor. Agora vai conmigo
dentro de min, chorándome na ialma,
pero eu estóu moi lonxe, lonxe, lonxe.

Un día voltaréi, nativa terra,
a descansar en ti dos meus camiños,
mais non te alcontraréi. En min te levo,
pero eu estóu moi lonxe, lonxe, lonxe.

FROL DE OUTONO

Eu daréiche delor, co tempo, vida,
porque me agardan lonxe, xa me espera
un camiño sin luz, unha tristura
que xa me está medrando, xa me medra
coma unha frol de outono nun carreiro.

Eu daréiche delor, daréiche acedas
bágoas no albor de noites fuxidías,
pois sinto no meu dentro a dura pedra
que pra durmir pon Dios alá no fondo
de tódalas segredas
ondas do mar, que non serán palabras,
nin xiquera sonár, nin voz xiquera.

Eu daréiche delor, co tempo a tempo.
delor sin ti, sin min, sin a sinxeleza
cantiga de esta vida que me morre,
que me moe, moendo a miña veira;
moéndome amodiño vou morrendo,
coma a mar moe ó mar, unha mar chea,
que morre cada día dende sempre
(eu daréiche delor) a mar inmensa.

NAI

Eu non choro por ti, pois sei que mouras
xunto á fonte do tempo, alá no fondo
de tódolos camiños das estrelas.

Choro por min, cun pranto inconsolábel,
que me quedéi sin ti, meu limpo espello,
coma un arbre na noite, soio e núo,
fendido polo cerne, coas raíces
sin os doces segredos das violedas.

Choro por min, por estas maus de cinza
que outrora foron pombas,
cando o meu corazón era un paxaro
e ti pasabas sempre atafegada
nun rumor de formiga labourando.

Tecían as labercas seus abrentes
i eu era un vagalume, unha estreliña
ateigada de luz polas vereas.
Dios estaba con nós.

Agora estóu soliño,
orfo de beixos tépedos sin mácula.
Choro por min que xa non teño colo
para pousarme nil coma un niño,
miña nai imposíbel, viva e morta
no cristal dos meus ollos.

PRIMAVERA INUTIL

Xa non te quero, abril, camelia murcha
sobre as ondas de un mar de escumas lenes.
Agora o meu amor ten outro nome
e búleme no sangue coma un berro
que sin acougo bule, baixa, rube.

(¡Qué sede infinda teño
nestas fondas feridas dos meus pulsos!)

Xa non te quero, abril, sombra de un tempo
que no tempo morréu e que me chama
cun nome que n-é meu, que non entendo,
de sílabas espidas que mergullan
o lévedo cansancio que me abrangue.

Un nome que n-é meu. Sinto xenreira
de aquela mocedade, de aquil sono
que vai sobre o meu lombo coma un saco
de froles podrecendo.

MULLER

Esta frol derradeira, brando sono
das miñas outas noites, qué donaire
de leda campaniña de domingo.

Qué anada farturenta
os meus vellos amores sempre novos,
sempre distintos, sempre unha solpresa,
no fío do amencer entre bruidos
de tranvías que espertan a cidade.

Muller, irmá e nai, nada no aramio
dun lonxano teléfono do vento.
Voz querendosa de azas que acariña
os meus camiños tristes.

Esposa e filla, meus segredos
a cachón sobre a canle do meu peito,
dos meus ollos de terra
que o mesmo Dios labróu en mármol quente.

Eiquí estóu i estaréi por toda a vida,
agora un home, mañá cinza de estrela,
sempre fidel á frol dos meus amores,
muller, irmá e nai, esposa e filla,
catro veces nun beixo, catro patrias
nunha soia bandeira estremecida.

CANTIGA DE AMOR CICÁIS

A liberdade endexamáis se acada
e nós, os homes, nunca tivemos azas.
As nosas almas sempre están coutadas
e de xionllos rendidas. Hai espadas.
Hai mulleres e fillos. Tamén patrias.
Tamén economía. Tamén fábricas.

(Ouh, qué gozo morrer nas guerras santas
por mitos, por bandeiras, por palabras
—baixo palabra de honor— palabras sacras.)

Europa ten trescentos millóns de almas,
en cada ialma un mundo, en cada corpo un mandria.

Fusiles, bombas, cañóns, tanques, escadras
—de mar e vento— policías, gardas,
sociedades anónimas, comanditas, limitadas,
xuzgados, xefaturas, alfándegas.

As nosas maus sempre estarán atadas.
Meu corazón, ¿ónde se foi a esperanza
dos verdes anos, i aquelas brancas,
fondas, tenras, outas inquedanzas?

OS FUXIDIVOS

Ás veces, unhos homes
que non saben surrir, pasan de longo
levando tras de sí os cás da noite.

Van calados e vougos, de pasada
polo meio da xente, ouvindo voces
que baixan das estrelas entre sombras.

Un medo antigo dorme
sobre as escuras fiestras da paisaxe
e coma espadas núas alá lonxe
outros homes camiñan silandeiros,
sin acougo, esculcando o ár inmobre,
furando con furor as fuxidivas
pisadas temerosas dos que foxen.

Chegan, pasan e pérdense
ao longo da serán, mais ninguén volve
velos pasar xa máis polos camiños
feridos de silencio baixo a noite.

O GALO

Denantes que os tranvías,
denantes que as sireias das fábricas,
denantes que os motores de explosión,
un galo canta.

Canta un remoto galo na cidade
e o asfalto do amencer espella brancas
luces de albores rústicos. Un vento
de toxos e pinares pousa as azas
no despreguizo urbán das chimeneias.

¿De qué aldeia lonxana
viñeches, cornetín do lusco fusco,
pregón da madrugada?

¿En qué lugar iñoto, en qué cercado
brota o teu canto, a túa desgarrada
queixa de desterrado, abrindo sucos
no sono da cidade que descansa?

¡Kikirikí! O meu insono mesto
atéigase de páxaros da ialba,
do trouquelear da chuvia nos tellados
entre o muxir das vacas.

¡Kikirikí! De pronto, os automóviles,
os tranvías e as fábricas
comenzan a lixar cos seus bruidos
o doce topenexo que me acada.

ATURUXO

Aturuxar é ter anxos na voz,
azas de pomba pola gorxa.
Voar co corazón nas longas tebras
da terra; nas estrelas infindas do tempo,
nas fontes onde beben as estrelas,
nos curutos do mundo, alí onde se gardan
os segredos das pedras,
os segredos das nubes,
os segredos do vento, que soio Dios desvela.

Aturuxar é ir cara o principio
aos orixes dos ríos e das selvas,
cando a luz era nena e tiña medo
das sombras das palmeiras.

Somente no aturuxo
a liberdade deixa de ser leria
e faise urro dos pobos,
laio dos séculos, música rexa,
rezo dos fortes, dos rebeldes
que os degaros apreixan
dos mortos que morreron
coa ialma acugulada de estrelas.

PALABRAS A UN MORTO

Non ten volta de folla.
Ti que tanto gostabas de estar quedo,
xa estás quediño e soio sin remedio,
inmobre coma un bichiño calisqueira,
esquecido dos homes nun burato.

Ti que tanta xenreira lle tiñas aos bruidos,
xa tes contigo o silenzo cóncavo
dos abismos e das terras virxes.

Agora, por fin, xa eres. Xa tes un ser,
porque pra ser hai que estar
e ti estás pra sempre sobre as cousas
e as cousas están pra sempre sobre ti.

Dios é o tempo
e ti eres unha migalla de tódolos tempos
posta na terra, esculpida no ceo
cun derradeiro perfil que ninguén modificará.

Denantes, cando andabas atafegado pola vida,
coa bulsa chea de papéis,
non eras máis que un nome entre outros nomes,
mais agora eres xa un anaco de Dios.

Nós perdémoste a ti,
pero ti gañánchesnos a todos
porque xa non nos precisas,
caladiño e silandeiro coma un paxaro morto.

Nós somos as formigas que andamos ó teu redor
e ti eres o único que sabes que estás morto
porque non necesitas certificado de defunción
pra saber que estás morto: ¡Eres!

EMIGRANTES

¡Qué gozo para os ollos ver en Vigo
ringleiras de emigrantes polas rúas
cando hai barco no porto.
Camiñan asombrados,
ateigados de luz e de soidades
das iñoradas terras presentidas
alá onde xuntan mar e ceo.

Eu canto aos emigrantes que non queren
ser toupeiras fozando de cotío
na ingrata leira, escalazados sempre
con suor de forzados
entre o esterco de noites sin estrelas.

Alá no sul, alén do mar bruante,
agardan patrias novas,
patrias virxes de eixadas e de rellas
con lentura de séculos intaitos
e ríos caudalosos que camiñan
polas lonxíncoas chairas
con rumores de páxaros e selvas.
Cidades portentosas
onde a noite esmorece enfaiscada
nun folión de chuscos fluorescentes.

Eu canto aos emigrantes de esta terra
que na rosa dos ventos
erguen seus urros ceibos e labouran
cos músculos encheitos de esperanzas,
lonxe da Europa
cuberta de cadeiras e de tumbas.
¡Qué gozo e qué tristura!
Anclados sobre a orela nós quedamos
xordos e escuros
á voz dos sete mares que nos chama.

CURROS, NENO

O vento era segrel na Padramoa
e na Coutada envolta en rechouchíos
ían mociñas loiras con pandeiros
nun remexer de risas e donaires.

En Celanova había un neno triste.
con cárceres durmindo longas noites
e vagos sons de bronces nos abrentes
de torres sulagadas coma estrelas.

Era un meniño nado para lóstrego,
doído de soidá, lévedas mágoas
dun derradeiro amor que nin xiquera
fora casulo ou ar de volvoreda.

En Celanova había un neno triste
cun fondo río de orfandá no peito.

Dime, Señor, ¿qué voces temerosas
se pousaron na cume dos seus soños,
cativo Prometeo sin consolo
decote á pedra de volcán atado?

¿Qué escuridá sin nome, buitre cego,
mordéu a súa ialma, espello limpo,
pomba sin fel voando sobre a lama
en busca de quentura e de surrisas?

Pono, Señor, á túa man direita,
pois era un neno triste e non xogaba,
nin tiña máis ledicia que o balbordo
de unhas campás ó alborexar o día.

POEMA NUCLEAR

¡Que ben, que a bomba ven co seu rebombío!
A bomba, ¡bong!, a bomba, bon amigo.
A bomba con aramios, con formigas,
con fornos pra asar meniños loiros.
A bomba ten lombrices, bombardinos,
vermes de luz, bombillas fluorescentes,
peixes de chumbo, vómitos, anémonas,
estrelas de plutonio plutocrático,
esterco de cobalto hidroxenado,
martelos, ferraduras, matarratos.

A bomba, bong. A bomba, bon amigo.
Con átomos que estoupan en cadeia
e creban as cadeias que nos atan:

Os outos edifícios.
Os outos funcionarios.
Os outos fiñanceiros.
Os outos ideais.
¡Todo será borralla radioaitiva!

As estúpidas nais que pairen fillos
polvo serán, mais polvo namorado.

Os estúpidos pais, as prostitutas,
as grandes damas da beneficencia,
magnates e mangantes, grandes cruces,
altezas, escelencias, eminencias,
cabaleiros cubertos, descubertos,
nada serán meu ben, si a bomba ven,
nada o amor, e nada a morte morta
con bendicións e plenas indulxencias.

¡Qué ben, que a bomba ven! Nun instantiño
a amable primavera faise cinza
de vagos isotopos placentarios,
de letales surrisas derretidas
baixo un arco de átomos triunfaes.

A bomba, ¡bong! A bomba co seu bombo
de setas e volutas abombadas,
axiña ven, vela ahí ven, bon amigo.

¡Estános ben! ¡Está ben! ¡Está bon!

¡¡¡Booong!!!

PALABRAS

Na miña gorxa agruman as palabras
que de fontes moi fondas vanme vindo
e fanse ríos longos polas veas,
rosas de luz nos ollos ou escumas.
Pero as miñas razóns non son palabras
sinon cousas que eisisten elas soias,
que coma Dios eisisten arredadas
nun silenzo de estrelas fuxidivas.

Pequenas cousas, grandes coma vermes,
pechadas no silenzo, sin palabras,
pousadas sobre sí dende o principio,
indo e vindo no tempo coma peixes,
coma peixes do vento, sin palabras.

Vós nunca entenderedes estas cousas,
estas fontes tan fondas, sin palabras,
que nas palabras xurden tatexando
coma meniños nados nun hospicio.

Oramá non sepades o segredo
destas fontes tan fondas, sin palabras,
xa que sodes somente unhas palabras
indo e vindo no tempo, unhas palabras,
palabras e palabras e palabras.

ASTURIAS

No corazón te levo, doce Asturias,
prendida en voces rexas que me falan
de unha vaqueira infinda que se alonxa
polas canles da brétema e das cumes.

Irmá da miña terra, Asturias miña,
condecorada estás de neves puras,
de prados e pomares, brancos ríos,
ríos de tinta amarga coma a noite
fuxindo cara a mar dos peixes libres.

Un vento acompasado en danza prima
penta o teu sono feito de ababoles.
Os teus mineiros levan sobre os ollos
cantigas de menceres e de xanas.

Unha frol arrincaches e ma deches
—xardín de Dios— no tempo da tristura.
Coas estrelas a gardo coma un soño
baixo a paz do Señor, eterna fonte,
Asturias miña, patria amante e rexa,
irmá da miña terra, vella língoa
cun doce son de gaita estremecida.

«LONGA NOITE DE PEDRA»

DE «LONGA NOITE DE PEDRA»

No meio do caminho tinha uma pedra
tinha unha pedra no meio do caminho
tinha uma pedra
no meio do caminho tinha uma pedra.

CARLOS DRUMMOND DE ANDRADE

O teito é de pedra.
De pedra son os muros
i as tebras.
De pedra o chan
i as reixas.
As portas,
as cadeas,
o aire,
as fenestras,
as olladas,
son de pedra.
Os corazós dos homes
que ao lonxe espreitan,
feitos están
tamén
de pedra.
I eu, morrendo
nesta longa noite
de pedra.

O CAN DANADO

Igoal que un can danado nos camiños
o terror anda solto polo mundo.
Semella un vento negro que pousase
súas azas de corvo
sobre a frente dos homes temerosos.
Un xelo de invernía en descampado
paraliza os relós, perfora as gorxas
e pon veos de anguria nas palabras.
Un grande telescopio nos vixía
coma un ollo de Cíclope
que sigue os nosos pasos
e fita sin acougo o noso rumbo,
dende tódalas fiestras,
dende tódalas torres,
dende tódalas voces que nos falan.
A noite é un micrófono impasível
que escoita o latexar do noso peito,
coma un escuro espía que espreitase
os nosos pensamentos máis segredos.
Todo se troca en cousa inconfesável;
detrás de cada esquina unha sospeita,
unha duda detrás de cada sombra,
e medo, medo, medo,
un pozo profundísimo de medo,
espello de auga fría
no que o terror se mira eternamente.

ESPRANZA

Erguerémola espranza
sobre ista terra escura
coma quen ergue un facho
nunha noite sin lúa.

Marcharemos cinguidos
polos duros segredos
dunha patria soñada
á que non voltaremos.

Non sabrán o camiño
que pra entón colleremos.
Longos ríos de brétema,
longos mares de tempo.

Tripulantes insonmes
na libertá creemos.
Viva, viva, decimos
aos que están no desterro
e soñan cun abrente
de bandeiras ao vento.

Adictos da saudade
que levades a luz polos vieiros.
¡Saúde a todos,
compañeiros!

MONÓLOGO DO VELLO TRABALLADOR

Agora tomo o sol. Pero até agora
traballéi cincoenta anos sin sosego.
Comín o pan suando día a día
nun labourar arreo.
Gastéi o tempo co xornal dos sábados,
pasóu a primavera, veu o inverno.
Dinlle ao patrón a frol do meu esforzo
i a miña mocedade. Nada teño.
O patrón está rico á miña conta,
eu, á súa, estóu vello.
Ben pensado o patrón todo mo debe.
Eu non lle debo
nin xiquera iste sol que agora tomo.

Mentras o tomo, espero.

CONSELLOS

Libro dos Proverbios, Cap. 23-19

Si foses a xantar con poderosos
coida ben a carón de quen te sentas.
Pecha a túa gula e couta os teus degaros,
ponlle portas á fame si a tiveras,
pois é pan mintireiro o pan dos ricos,
doce por fora, por dentro amarguexa.
Afoga a túa cobiza,
non desacougues por xuntar facenda.
¿Non coidas que a riqueza non é nada,
que o vento a trai e o vento axiña a leva?
Non comas pan dun home deshonroso,
nin da fartura dil teñas envexa.
Diráche, come e bebe, meu amigo,
disfroita dos meus teres canto queiras;
mais o seu pensamento non concorda,
de boca afora serán as súas verbas,
pois o seu corazón, cativo e duro,
ten de cotío pechas
as fenestras do amor e da xusticia.

Non o esquezas.

A SOMBRA

Sombra de Prometeo encadeada,
aquil mozo que fun está xa morto.

Busco unha terra limpa. Agora busco
unha patria sin sangue e non a atopo.

Lonxana primavera. Escoito voces
na noite estrelecida. Ríos longos.
¿Ónde estarás, meu corazón de entonces,
meu doce corazón que non te alcontro?

Pregunto e non contestas, morte negra.
¿Ónde se foi aquil vivir gozoso?

Soio te teño a ti, miña memoria
envolta en señardades e recordos:
Unhas pingas de chuvia esbagoando
por un cristal de soños.

Sobre a lama do mundo vou andando.
Gardo loito sin fin por aquil mozo.

O CORAZÓN DO VENTO

Anxel Ferrant, o corazón do vento
é un sputnik dondo teletolo,
unha mazá azul nunca pintada,
un peixe fuxidío.
Está cansado.
Dende aquil albre mol do paradiso,
dende a arcilla primeira,
dende a primeira lama con alento,
até os tellados grises de Hiroshima
—meu amor sin consolo—
o corazón do vento non sosega.
Está cansado.
Debaixo das formigas hai aramios,
hai caliveras dóciles surrindo
baixo a chuvia de chumbo
—ta ta ta, ta ta ta— na ialba roxa.
Debaixo das folerpas,
debaixo das pisadas temerosas,
hay berbiquís furando, fura, fura,
perforando a vontá dos homes libres.
O corazón do vento, pendurado
do cristal da mañá,
ou do teito sin fin da noite pecha
é un paxaro morno
é unha pomba
decindo adiós ao mar dende os camiños.
Está cansado.
Anxel Ferrant, que sabes dos bruídos
feitos de pronto espadas,
ou tornillos insomnes,
ou patacas sonoras,
ou papagaios místicos

con alma de alciprés e de guitarra,
dime si sabes, dime
que o dondo corazón do vento
está cansado.

DESTERRO

Abrín o grifo do baño,
saía a iauga
fungando,
fuu, fuu, fuu.
(A iauga na cidá non canta.)
—Vella amiga,
camarada,
da lonxana nenez
na montaña:
—¿Qué fas eiquí
nesta casa?
—Nunha cárcere estóu,
téñenme desterrada.
Canles de ferro negro
apréixanme a ialma.
Debaixo da cidá,
a carón das cloacas,
camiña a miña noite
sin alba.
Volvoretas de outono
baixo unha chuvia maina,
¿qué foi das follas murchas
que sobre min levaba?
Espello das estrelas
e das nubes que pasan,
nos regatos cantores
tolos de escumas brancas.
¿Qué foi do ceo aquil,
do vento e das calandrias,
dos solpores calados,
dos prados e labranzas?
—Tamén eu,

irmá auga,
teño saudades
da nativa patria,
á que un día voltaréi
nunha caixa.
Non se pode tornar
atrás. O tempo pasa
e non volve.
O mar agarda.
O mar.
A noite sin alba.

OS HONORÁVELES

Eu son honrado.
(Nunca paséi fame.)
Ti eres honrado.
(Nunca pasache fame.)
Ai, a honradez conxugada
en verbos satisfactorios,
nutridos, lustrosos, fartos.
Ai, a tripuda honradez,
a lealtá do cabalo,
o labourar das formigas,
a virtú dos funcionarios,
a estirpe dos ben nascidos
netos de nobres criados.
.....
Pero cando soporto as inxusticias
coma coitelos hirtos ao meu paso.
Cando de noite
os meus ollos perfuran os tellados.
Cando o vento me trai unha cantiga
até o sono isolado.
Cando o pan faise estrela
e o medo crava cravos
no latexo sin fin de cada día.
Entón eu xa non son tan honrado.
Cando o tempo se chama economía
e trócase o diñeiro por traballo.
Cando en cada letrina unha sereia
vende ilusiós por cartos
i as máquinas potentes esmigallan
pernas e brazos.
Cando a ialba indecisa chega ao mundo
e vai de frol en frol, e faise pranto,
ou convírtese en lume sin borralla.
Entón ti xa non eres tan honrado.

MARIA SOLIÑA

Polos camiños de Cangas
a voz do vento xemía:
ai, que soliña quedache,
María Soliña.
Nos areales de Cangas,
muros de noite se erguían:
ai, que soliña quedache,
María Soliña.
As ondas do mar de Cangas
acedos ecos traguían:
ai, que soliña quedache,
María Soliña.
As gueivotas sobre Cangas
soños de medo tecían:
ai, que soliña quedache,
María Soliña.
Baixo os tellados de Cangas
anda un terror de auga fría:
ai, que soliña quedache,
María Soliña.

EIQUI SERA

Á memoria de Aquilino Iglesia Alvariño

Quero morrer eiquí (cando me chegue
a hora do viaxe que me agarda).
Eiquí niste silencio
de pombas arroladas,
niste vento que dorme nos piñeiros
un profundo sono de arelanzas.
quero morrer eiquí cos ollos postos
no fumegar das tellas, na borralla
do tempo, frente a frente
de min, aberta a ialma
aos latexos das horas, nunha tarde
ateigada de arpas.
Van e veñen as nubes viaxeiras,
as anduriñas pasan.
O panadeiro da chuvia
repenica unha maina
melodía de outono,
que no roncón do río se acompasa.
Quero morrer eiquí. Ser sementado
desta miña bisbarra.
Finar eiquí o meu cansancio acedo,
pousar eiquí pra sempre as miñas azas.

ROMANCE PESIMISTA DE FIN DE ANO

Pasa o tempo sin deterse,
río infindo de silencio,
río infindo, noite e día,
río infindo, branco e negro.
Nos seus muíños de día
moe a frol do meu contento.
Nos seus muíños de noite,
meu corazón vai moendo.
Río longo estrelecido
que non ten fin nin comenzo.
Un muíño, prá saudade,
outro prá dor e pra o medo,
outro prás tristes lembranzas
das horas que xa morreron.
Horas que foron deixando
ronseles de amor no peito.
Os días tiñan un nome,
os nomes tiñan un senso.
Tempo de falar de neve,
tempo de decir os rezos,
tempo de pechalos ollos,
tempo de regalos eidos.
O pai falaba da guerra,
a nai poñía o comento,
o rapaz fitaba o mundo
con ollos de asombro abertos.
¿Qué foi das neves aquelas,
tépeda voz dos meus vellos?
¿Qué foi das froles de antano,
ollos azules do neno?
Pasache ti, río infindo,
canle moura de silencio.
Pasache ti, auga escura,

tódolo levache a eito!
Agora tanto me importa
estar lonxe ou estar perto,
pois anque vivo no mundo
teño a ialma no desterro.
Arriádalas bandeiras,
pra min xa nada ten xeito.
Vencido, vou camiñando
sin saber qué rumbo levo.
Tódolos días igoales,
nada agardo, en pouco creo,
ningunha cousa me apura,
non estóu triste nin ledo,
e si me poño a cantar
hei de cantar como quero,
río infindo, noite e día
río infindo, branco e negro:
«Estreliña da fartura
que dás tanta craridade:
foise o día, foise a noite,
foise a miña mocedade».

TI E MÁIS EU

(Non falemos dos bobos
que tódolo adeprenden nos libros.
Non falemos dos parvos
con cara de domingo;
nin dos sapientes memos,
nin dos túzaros listos,
nin do eterno mal gusto
dos probes novos ricos.)

Falemos de ti e de min
xa que vivimos.
Ti i eu nos ventos
e nos solsticios.
Ti i eu nos bosques
e nos ríos.
Ti i eu, historia
de corpos nidios.
Ti i eu, saudade
de álbores íntimos.
Ti i eu sin tempo
polo tempo imos.
Ti i eu cantando,
chorando e rindo.

NOITEBOA EN HARLEM

Ó pé dunha fotografía de «Life»

Á porta dos camiños
están izando grímpolas de soños.
Á porta do amencer están os homes
cunha pedra de neve diante os ollos.
No arrabaldo do mundo, alá en Harlem,
pasan ríos con albas e bandeiras.
Nos arrabaldos dos soños,
ríos de moitedumes ou de estrelas.
Agardan un albor que esperte á noite
dos lonxanos abós feitos de tebras.
Un albor de anduriñas
prá libertá dos homes que non chega.
O tamboril dos bosques repenica
no sangue en contrapunto de latexos.
O tamboril das chairas
treme agora nas selvas de cemento.
Todos xuntos na terra. Baixo o ceo
xurde a doce mañá i a noite morna.
Todos xuntos no mundo,
todos xuntos na mesma Noiteboa.
A libertá de Dios creba cadeas
e acala o fosco canto dos escravos.
A libertá de todos,
pra todos, homes negros e brancos.

SON UN PASMON

Son un pasmón
peatón
con opinión,
decindo a verdade núa
pola rúa.
Nunca fun usuario
de automóvil suntuario
nin tampouco utilitario.
Camiño a pé
e por iso é polo que
vexo o mundo tal cal é.
Sei da cobiza burguesa
e do furor proletario.
O pan gárdase na artesa
i a fame ronda a diario.
Ando sin presa,
nada altera o meu horario,
nin couta o meu comentario.
Non teño medo
do que o tempo traguerá,
porque sei que tarde ou cedo
o que ha de vir chegará.
¿Noraboa ou noramá?
¡Tanto me dá!
Ogallá
me colla vivo a noticia.
¡Qué gran ledicia
ver chegar o que virá!
Pra o gran suceso,
xa está aceso
acolá moi lonxe, un lume
que no mundo prenderá
e queimará

a fedenta podredume.
Camiño a pé
e por iso é polo que
vexo o mundo tal cal é.

INVERNO

Chove, chove na casa do probe
e no meu corazón tamén chove.

Dor da mau encallecida,
dor da xente atarecida
de frío polos camiños.
Dor dos vellos e meniños.
Dor dos homes desherdados
e dos que están aldraxados.

Mágoa da ferida allea.
Dor dos que están na cadea,
dos que sofren a inxustiza
e viven baixo a cobiza

Mágoa e loito
por tanto pranto que escoito.
No meu peito, sulagado,
soturno, fondo, calado,
un río de amor se move.

Chove, chove na casa do probe
e no meu corazón tamén chove.

N O N

Si dixese que sí,
que todo está moi ben,
que o mundo está moi bon,
que cada quen é cada quen...
Conformidá.
Ademiración...
Calar, calar, calar,
e moita precaución.
Si dixese que acaso
as cousas son esí,
porque sí,
veleí,
e non lle demos voltas.
(Si aquil está enriba
i aquil outro debaixo
é por culpa da vida.
Si algunhos van de porta en porta
cun saco de cinza ás costas
é porque son uns docas.)
Si dixera que sí...
Entón sería o intre
de falar seriamente
da batalla de froles
nas festas do patrón.

Pero non.

DEITADO FRENTE AO MAR...

Lingoa proletaria do meu pobo
eu fáloa porque sí, porque me gosta,
porque me peta e quero e dame a gaña
porque me sai de dentro, alá do fondo
dunha tristura aceda que me abrangue
ao ver tantos patufos desleigados,
pequenos mequetrefes sin raíces
que ao pór a garabata xa non saben
afirmarse no amor dos devanceiros,
falar a fala nai,
a fala dos abós que temos mortos,
e ser, co rostro erguido,
mariñeiros, labregos do lingoaxe,
remo i arado, proa e rella sempre.

Eu fáloa porque sí, porque me gosta
e quero estar cos meus, coa xente miña,
perto dos homes bos que sofren longo
unha historia contada noutra lingoa.

Non falo pra os soberbios,
non falo pra os ruís e poderosos,
non falo pra os finchados,
non falo pra os estúpidos,
non falo pra os valeiros,
que falo pra os que agoantan rexamente
mentiras e inxusticias de cotío;
pra os que súan e choran
un pranto cotidián de volvoretas,
de lume e vento sobre os ollos núos.
Eu non podo arredar as miñas verbas
de tódolos que sofren neste mundo.

E ti vives no mundo, terra miña,
berce da miña estirpe,
Galicia, doce mágoa das Españas,
deitada rente ao mar, ise camiño...

A POESÍA É VERDADE

Un procura a verdade
por tódolos camiños, baixo as pedras,
nas raigames escuras das olladas,
máis alá das escumas i os solpores.

Busco a verdade en ti, rexa poesía
dos homes que labouran,
taito real das cousas
que están e son, anque ningún as vexa.
Home total,
que vas e ves sin sombra polas rúas
e tes a túa verdade nos curutos
do mundo, no profundo da historia,
na esperiencia dun día calisquera,
e non ves os paxaros nin as nubes
nin as lonxíncoas maus do vento dondo
que acariñan o mundo dende sempre.
Investiga a verdade do teu tempo
i alcontrarás a túa poesía.

ROMANCE INCOMPLETO

Fuco Pérez sin segundo,
veciño de Gargamala,
viudo, maior de edade,
propietario dunha cabra
e dun terrón que produce
cindo ducias de patacas.
Fuco Pérez sin segundo,
furibundo iconoclasta,
pai dun neno engaranido
chantado diante a cabana.
Por teimoso inconformista
téñente fichado os gardas;
por herexe e descreído
póñenche a figa as beatas.
Fuco Pérez sin segundo,
ninguén sabe o que che pasa.
Tes o día, tes a noite,
tes os paxaros da ialba,
tes as estrelas do ceo,
tes as rúas i as estradas.
Fuco Pérez sin segundo,
¿qué che falta?...

IRMÁUS

Camiñan ao meu rente moitos homes.
Nonos coñezo. Sonme estranos,
Pero ti que te alcontras alá lonxe.
máis alá das sabanas e das illas,
coma un irmáu che falo.
Si é tua a miña noite,
si choran os meus ollos o teu pranto,
si os nosos berros son igoales,
coma un irmáu che falo.
Anque as nosas palabras sean distintas,
e ti negro i eu branco,
si temos semellantes as feridas,
coma un irmáu che falo.
Por enriba de tódalas fronteiras,
por enriba de muros e valados,
si os nosos sonos son igoales,
coma un irmáu che falo.
Común temos a patria,
común a loita, ambos.
A miña mau che dou,
coma un irmáu che falo.

OS ASOBALLADOS

A noite penteaba
a nosa longa cabeleira de bágoas.
Noso suor de sangue coma un río
a cachón sobre as veas.
Si calqueira escoitase o noso peito
ouviría un balbordo de mar,
ouviría o cramor dos meniños,
o pranto das nais,
moitedumes de voces resumidas
nun soturno confín sin fronteiras.
Pingaba a noite nas pupilas
dos que estaban mortos de frío.
As maus, feitas para acariñar pombas,
para empuñar eixadas e martelos,
para tanxer arpas e ventos,
estaban rotas.
Os aldraxes viñeron coma corvos
e pasaron de longo,
pois os nosos corazós estaban cheos.

«VIAXE AO PAIS DOS ANANOS»

LIMIAR

A xeito de S.O.S.
falo na madrugada:
Pechái tódalas portas
e que xa ninguén saia.

Sin a seiva nutricia
esmorecen as gallas.
Abre antigo, Galicia,
fendérono as machadas.
Unha ponla no mundo,
outra ponla na casa.
A ponla do alén mar
é soio unha metáfora.
O povo quere terra
coma Anteo na fábula.
A terra quere povo
para ser fecundada.
Nunca virá de fora
remedio ou esperanza.
Si o noso pobo morre
quedámonos sin patria,
pois patria e pobo son
o mesmo en dúas palabras.

Pechái tódalas portas
e que xa ninguén saia.

VIAXE AO PAIS DOS ANANOS

1

Eu, Gulliver Ferreiro, bon galego,
solemnemente digo:
Eisilado na miña propia Terra,
canso de olhar as mesmas torres sempre,
farto de ver as mesmas caliveras
—fasquía de vivir pecho nun sótano—
quixen seguir o rumbo do meu povo,
o ésodo sin fin dos emigrantes.
Troquei os lares pátrios
polos eidos alheos
e percorrín o mundo coma un nómada
companheiro do vento e das estrelas.
Caminhei á ventura,
naveguéi día e noite, mar adentro,
paséi as ilhas páledas,
vin o peixe voador i-os arroaces,
deixéi á esquerda as augas dos Sargazos,
cheguéi ás moles praias do mar quente,
do eterno vrau vestido de bikini,
choutando pola area.
(Veda Woodlake decía quedamente:
«O mar non é un camiño innumerábel;
é un gran corazón abandoado».)
Non quixen escoitar
teus cantos de sereia,
Veda Woodlake. Buscaba
aos meus irmaus perdidos. Rosalía
chorou por iles bágoas de esperanza.
Curros berrou os seus trenos inmorrentes
i-eu mesmo un día dixen (mália hora!)

que os nosos emigrantes
«erguen seus urros ceibos e labouran
cos músculos encheitos de esperanzas
lonxe da patria.»

2

Arribéi unha noite
á cidade infernal
Sodoma irrespirábel,
Gomorra dos bruídos, caos rodante
que brama no amencer e non ten pálpebras.
No medio, ben prantado,
un oasis de luz (díxome o sonho
que esperto ía sonhando).
A terra prometida aos que na diáspora
buscamos unha pátria que non temos,
(díxome a fe, con voz de nena cega).
Pranteime á porta e dixen:
«Venho dende moi lonxe.
Busco unha patria moza.
Na noite interminábel,
as nais orfas de filhos
suspiran sin acougo.
Recraman os xoguetes
dos nenos que morreron
de chumbo na i-alba insomne
olhando cara ao ceo endurecido,
de súpeto fundido en lama escura.
Venho da néboa,
dende o país dos dolmens.
Os solpores alí minten espelhos
e lentamente axexan as estrelas.
A minha patria dorme.
Unha paisaxe luar de longa noite
describe o seu pasado de miseria.
Os meus irmaus fuxiron coma sombras
para acadar a luz que anuncia ao home.
Duros caminhos, chairas pedregosas
feriron os meus pés pelerinhantes.
Nas vereas do mar,

con búxolas de arelas malogradas,
a nosa estirpe boga sin descanso
en busca de solsticios labradores,
dos agros do sosego,
dos segredos xardís,
onde pousar as azas caminhantes.
Venho dende moi lonxe.
Busco unha patria moza.
Dáma ti, virxen terra solar.
adolescente seiva ensimesmada,
outa cume de ventos liberados,
chaira azul das garzas viaxeiras,
poderoso areal, inmenso rio.
Pido unha patria ao mundo.
Quero ateigar de sangue renovada,
de seiva fértil, de humus xermolante,
o ermo corazón dun desterrado.»

5

No País dos Ananos
venhen e van, fon, fon, os automóveles,
coma bestas fuxindo,
non se sabe,
bulindo escuramente polas ruas,
caminho de ningures,
non importa
con tal de ser veloces.
Velocidade,
ise Moloch de agora, aluciado,
queimando gasolina,
roda, roda,
hai que chegar axinha, non sei ónde,
ou non chegar xamáis, o caso é ire
nas catro rodas, ire e dempois vire,
coa brincadeira a punto.
O asunto
está no ire-vire,
chegar, logo marchar,
adeus que tenho presa,
que tenho moita presa,
presa, presa,
que tenho moita presa de ter presa...
Semáforo vermelho, mala sorte,
de novo a caminhar, fon, fon,
as bestas sobre rodas,
venhen e van, fon, fon,
e non se sabe.

6

Entrei naquil local aclimatado
en busca dos irmaus da emigración.
Ao velos todos xuntos nun montón
berrei esperanzado;

—Falo en nome da Terra, homes de ben...
Non me escoitou ninguén.

Topenexando baixo escuros veos
aquiles seres moles, casi vermes,
coa voz neutral i os corazós inermes
vexetaban sin luz, torpes i alheos.

—Falo en nome da Terra, homes de ben...
Non me escoitou ninguén.

Esqueceran o tempo da pobreza
i a fala dos abós; pero non sabían
a vileza sin fin en que vivían
agora que eran parias da riqueza

—Falo en nome da Terra, homes de ben...
Non me escoitou ninguén.

Fardados con exóticas albardas,
falando nun idioma estrafalario,
trocaron o seu mundo proletario
polo mundo sin fé dos alpabardas.

—Falo en nome da Terra, homes de ben...
Non me escoitou ninguén.

7

Si estóu eiquí
onde os bruidos mancan
i a moitedume afoga o pensamento,
non é por gusto.
A noite é un buraco sin fin.
Pregunto polas estrelas.
A xente come o pan sin ter olhado
agalhopar o vento nas centeeiras,
nin ter ouvido o rumor das ceifas
rente a un bosco na hora do solpor.
Dóenme as maus coma pombas feridas,
dóenme os olhos
valeiros de néboa.
Formigas eléutricas
ruben e baixan polas ruas.
O corazón da xente é unha cárcere
que cadaquén leva consigo.
Si estóu eiquí,
nesta canelha hostil,
niste arrabaldo fedorento,
non é por gusto.

10

Eu vou andando
coa procesión por dentro
moi cabreado.
Uns ofrécenme rodas de muinho,
outros crávanme cravos.
Ninguén se compadece
do meu andar tan canso.
Chove noite no mundo,
a libertá morréu fai moitos anos.
Son rebelde,
danme noxo os homes mansos,
os pequenos tendeiros do tedio
que viven coma sapos.
Durmo sobre un xergón de neve
i estóu descalzo.
Sofrín a lei do embudo
e son moi mal pensado.
Creo nos homes puros
que non son educados
que non tenhen modales esquisitos
nin saben comportarse coma fámulos.
Son un hiperestésico
e padezo do bazo
ao ver tódolos días
pasar os mesmos lobos e rebanhos.
Subasto con arelas malogradas
i alugo gratis cen amigos falsos.
Adevirto aos homes serios que me bulro
do seu aire paiaso,
e tenholhe xenreira
aos solenes estúpidos i aos parvos.
Palabras prohibidas
pronuncio sin descanso
e vounas traducindo

encheito de entusiasmo.
Agardo un telegrama
que chegará un sábado
coas aves do amencer:
«Por fin o home foi decapitado».

13

Tenho o corazón senlheiro
e orfo na noite fría.
Non importa, agardaréi
polo albor do novo día.
Tenho lobos, tenho sombras,
tenho a sorte fuxidía.
Non importa, agardaréi
polo albor do novo día.
Está mudo o reixinhol
que outrora cantar solía.
Non importa, agardaréi
polo albor do novo día.
Que está comigo a esperanza,
fiando, fía que fía...
Ela fía i eu confío
no albor do novo día.

15

Viaxeiro, que vés de lonxe
e vas de paso.

Coa palabra máis viva
do meu linguaxe, falo.

Repudio as inxusticias
i a liberdá procramo.

Digo a minha verdade
e no povo descanso.

Viaxeiro, que vés de lonxe
e vas de paso.

Tenho a luz dos abrentes
i as estrelas reparto.

Estóu cos sofridores,
vivo cos desherdados.

Pelexo contra a noite
e non creo nos anxos.

Viaxeiro, que vés de lonxe
e vas de paso:

Dilhes aos irmaus da Terra
que é moi triste o País dos Ananos.

18

A terra que eu herdei dos meus aboengos
trocouse en fume e vento.

Os meus irmaus de alá morreron;
os de eiquí sonme alheos.
O sol do trópico é un veneno.
Por favor, mandaime neve e cercio.
Doce meses de vrau e un inverno
son moito agosto a eito.

Pasan os automóviles a centos.
As ruas son un inferno.
É triste ser estranxeiro
pro é mais triste non sélo
e sentir-se estranho nos propios eidos.

¿Quén lhe puxo porta ao ceo?
¿Quén me chama alá dentro?

A ESTRELA

Na serán remota
tódolos camiños morren
na noite pecha.
Pero alá lonxe,
no confín dos touzales,
un espello de luz palpebrexante
anuncia a gran estrela
que ha de traguer o fin da servidume
i a libertá dos soños coma un vento.
Eu agardo sereo pola estrela
e pídolle aos meus fillos me disculpen
esta longa esperanza
ardéndome nos ollos coma un lume,
valla a palabra.

NENOS NUN RANCHO DE CARACAS

Meniño negro,
meniña branca,
decide si o sabedes:
¿Cándo derrubarémolas estatuas?
¿Cándo aforcarémola inxusticia?
¿Até cando as coutadas?
¿Nunca deixarán que os nenos todos,
os homes todos e tódalas espranzas
teñan un só color,
unha soia bandeira ao vento alzada?

Meniños brancos, negros:
a morte está pousada
sobre cumios de berros e de sangue
sin distinción de razas.
Amargo mar, deixa a túa amargura.
Volcán, apaga
o lume que te queima.
Vento descansa.
Río, agarda.
Tempo, pasa.
Ponlle un só color aos homes,
esperanza.

PRÁ MOCEDADE

Tendes que alcender un facho
de baril inconformismo.
Non, non, diredes decote
aos profesores de mitos,
que queren de contrabando
pasar falsos paradisos.

Non, non, diredes arrreo
aos que van no seu machiño
cabalgando moi contentos
entre nubes de outimismo.

Non, non, debedes decir
aos que minten por oficio.
A verdá, soio a verdá
da terra na que vivimos,
labrada en berros de lume,
nascida en berce cativo.
A verdá, soio a verdá
da terra na que nascimos.

«EL HERMOSO ROSTRO DEL PAÍS»

(Titular de «Faro de Vigo»)

A miña terra é doce como o mel
abondosos e gasalleiros os seus froitos.
Na primavera agroman os touzales
e o cuco canta.
Xermola a natureza
baixo a fecunda codia das labranzas.
Alédanse os boscos
i as noites son infindas i estreladas.
Sí.
A miña terra é doce coma o mel,
pro, a carón de tanta fermosura,
a miseria labróulle
un túnel amarguísimo na historia.

A miña terra é soave, solermiña
polo vrau, cando as anduriñas tecen
os seus voos de soños. Os grilos poñen
axóuxeres vibrátiles na serán lenta.
Os reisiñoles cantan ás portas do mencer
e os ríos pasan en romeiría.
Sí.
A miña terra é soave, solermiña,
pro, nos ollos dos meniños
que van á escola nas mañás frías,
hai unha tristura antiga.

A miña terra é aquelada coma unha mazá
polo outono, cando as arbres son de ouro
e a brisa coma un beixo.

Nácenlle á paisaxe camiños novos
con merlos chifradores baixo as parras.

Farturentas colleitas,
dondos acios, cántigas de ceifa e de vendima.
Ateigadas de graus fican as tullas.

Sí.
A miña terra é aquelada coma unha mazá,
pro a inxusticia, proterva, dura, fonda,
vai furando
o corazón dos omes coma un verme.

A miña terra é íntima e tenra
coma un colo de nai polo inverno
rente ao lume do lar.
Húmedos e verdes, os campos
espónxanse na brétema, os vales
dormen brandamente, as cumes branquenexan
baixo un vento fungón que ven do norde.
As vacas muxen nos cortellos
e o fume das lareiras
arromeda pantasmas nos tellados.
Sí.
A miña terra é íntima e tenra,
pro, a mocedade fuxe dela
en busca de outra terra
onde o pan
se pode comer sin bágoas.

A HERDANZA

Agora que quedamos tan soliños,
orfos da luz anterga dos camiños,
a terra e nós,
o mar e nós,
o vento e nós,
na casa vinculeira dos irmáus,
¿qué faremos dos ollos, qué das maus,
e qué da nosa íntima esperanza?
¿Cómo labrar a herdanza,
agora que quedamos sin a pura
chama do amor pra o tempo da seitura?
¿Cómo atopar os regos
si estamos todos cegos?
Eu fago eiquí o meu pranto
e digo iste meu canto
de arada e sementeira:
Non deixemos que morra na lareira
o lume dos abós,
a terra e nós,
o mar e nós,
o vento e nós

A LEUCIÓN

Adeprender a vida é tan difícil
ou máis que resolver un crucigrama.
Tan difícil ou máis que unha pregunta
que houbera que facer na madrugada
cando tódolos arbres choran noite
i os galos cantan.

Adeprender a vida é moi difícil
i además cansa.

Cando tes a leución medio sabida
non che sirve pra nada.

As cousas son así: imos e vimos,
sin enterarnos nunca do que pasa.
Pra saber a leución dámoslle voltas,
cando acaso mellor era non darllas.

Unha mazá, un verme,
unha chuvia caíndo, terca e mansa,
un discurso do alcalde,
unha vinganza,
unha muller parindo,
unha bomba de nápalm.

Dámoslle voltas
sin enterarnos nunca do que pasa.

AO LONXE, OURENSE

Terra que me namora,
cidá do meu contente i alegría.
Con ela teño a miña fantasía
soñando con lecer, hora tras hora.

E soño unha imposíbel alba amante,
unha doce seitura
rente da orela escura
do río camiñante.

Un largasío outono de limós
ten alí o seu máxico aposento.
Pola porta do aire cruza o vento
decindo as súas canciós.

Silandeiros xardís
cinguidos de paxaros e roseiras
Sombrizas carballeiras
coma ronseles de ouro nos confís.

Hai un rebulir de veas latexantes
no misterio das fontes.
Baixo a gracia das pontes
pasa un espello azul de augas distantes.

Baixa lenta a serán
dende segredas torres desprendida,
e na brisa durmida
pendura unha mazán.

Si digo Ourense xurde na lembranza
un tempo adolescente,
unha voz maternal e confidente,

unha perdida luz, unha arelanza.
Un fume de magosto
rubindo paseniño
cara o ceo mansiño.

Un recén nado mosto,
agasallando a boca bulangueira;
un rebumbio de berros e cantigas,
unhas verbas antigas
un mito, unha fogueira.

Ourense, frol que o meu desterro aruma,
arpa de soedá no vento erguida,
lonxano Edén, saudade estremecida,
canle de señardá, corga de escuma.

E vexo cada día
unha dourada túnica de soños,
un fermoso perfil, unhos risoños
touzales de amencer con melodía.
A Ourense vou por tódalas vereas
pois teño alí o sangue
e teño alí as veas
da miña poesía.
E da melancolía
que me abrangue.

DOCE OUTONO

Comesto da tristura vou lembrando
aquelas mañás páledas e doces
dun outono distante, névoas baixas,
tenras follas, alfombras dos camiños,
no meu país natal, polos outeiros
de cintura cinguida de carballos.

Un outono que ulía a primavera
con lentas volvoretas de suspiros
decindo adéus con panos de saudade,
decindo adéus a todo:
ás mazorcas, aos pámpanos,
ás escumas dos mozos no serán.
Adéus a todo,
até o ano que ven, si temos sorte.

Era un adéus profundo,
pendurado do ceo, acariñando
a madura mazá do vento leste.

O corazón agardaba escuros niños
de soños recén nados,
Mais, todo aquelo foise...
Agora na cidá, neste desterro,
cos anos coma chumbo sobre o lombo,
o outono é un tren que ven bufando
con lixos de carbón nos ollos pechos.
O inverno escondido está oubeando
como oubean os cans na lonxanía.
Ninguén me di adéus
i un anuncio de noite estáse erguendo.

O NENO

Había un lume aceso
na casa dos abós.
Agora ben comprendo
que o lume eramos nós.
O pai que contaba unha
historia medoñenta.
A nai surría, pois
a historia n-era certa.
Afora, nos camiños
refungaba o corisco.
Unha irmá preguntaba
polos probes de Cristo.
O vento nevoeiro
agallopaba a chaira.
¿Ónde están esta noite
os que non teñen casa?
O bosco era un misterio
rumoroso e lonxano.
O irmáu máis pequeno
preguntaba calado.
Agora é xa un home,
e sigue preguntando.

TEORÍA DO ARBRE...

O berce foi antes arbre.
Berce do arbre é o vento.
O arbre fillo da terra,
danos sombra i alimento.

Arbre, a porta da casa,
arbre, o estrado i o teito,
arbre, o carro i a mesa,
arbre, á chuvia no vento,
arbre, a caixa do morto,
arbre, a fiestra i o asento.

Arbre, o bosco i a barca,
no medio soio silencio.

A nosa casa é un arbre.
Casa do arbre é o vento
que pasa peleriñando
con ledos paxaros dentro.

O arbre danos de todo:
barca, teito, enterramento.

O mundo semella un arbre
prantado no firmamento.
A vida parece un arbre,
no medio tan soio o vento.

COMPROMISO

Estóu entre vós
e de vós falo,
homes.
Non me importan
as derradeiras modas
nin os modos snob
dos poetisos
que procraman o estrume por divisa.

Eu canto dende dentro do meu pobo.
Tido,
metido,
prometido,
comprometido
cos homes, meus irmáus,
meus camaradas na loita
pola libertá.
Non me importa
o que digan mañá
os aduaneiros da poesía.
Si un intre só
conquiro darvos folgos
co meu canto,
ficaréi moi contente
e non perciso
máis
nada.

UN DÍA

Pra Antón Beiras, irmán na esperanza († 1-IV-1968)

Eu sei que un día dobraréi unha esquina
e xa non voltaréi atrás.

Colleréi unha rúa de auga infinda
feita de noite e de cristal.

Pasarán silenciosos carros
e xentes que nada me dirán.

Camiñaréi perdido definitivamente
e nunca máis voltaréi ao meu fogar.

Entón, non tendo outra cousa que facer,
seguramente poréime a pensar
que a vida é un motor moi complicado
i a morte unha solemne imbecilidá.

«CANTIGAS DE ESCARNIO E MALDECIR»

CONVERSA ENCOL DUN BOI

—Disque na súa tenra xuventú
iste boi que ós galegos estercola
foi en Galicia á escola
i adeprendéu el soio a decir *Múu*.

—Non sexas meu amigo, fabulista
e faime a gracia de facer memoria:
aquél que dixo *múu* na nosa historia
non era un boi, que era un burro flautista.

—O conto que che conto é a verdá
e ninguén torcerá a miña pauta:
o boi que dixo *múu* tería unha flauta
que soar pido por casualidá.

—En vista de que falas con firmeza
conveño en que o teu boi é mitolóxico;
un especimen raro fisiolóxico,
mixto de burro e boi na mesma peza.
Un estrano animal
que co seu *múu* asnal e corifeo,
amplióu o solfeo
cunha moderna notal musical.

Por elo chegarán futuras datas
en que todos veredes
carteles coma iste nas paredes:
«Concerto en *múu* maior a catro patas.»

UN BIPEDO RONZAL

Portugal, non. Resulta moi ridículo
que o nome dunha patria benemérita
se enlixe apelidando a iste pedículo
parásito ronzal de alma pretérita.

Non digas Portugal, di portugálico
pois gálico rezuga o rostro estólido
diste pimpín pasmón microcefálico
que ten un non sei qué de peido sólido.

Chámalle ó tal, memez enciclopédica,
acólito sandéu, mula ortopédica,
bípedo insóito, orneo asnal.

Pero non Portugal que iso dá pábulo
a que a xente confunda ó probe rábulo
co gran país de Antero de Quental.

OS FILLOS DA CIZAÑA

O ácrata, burgués de vía estreita,
sementóu istes eidos de cizañas,
prantóu sebes de insidias e patrañas
i agora nós cargamos coa colleita:
Gandules ezquerdistas de dereita,
farsantes con careta de esilados,
lobis-homes de ovellas disfrazados,
carcundas, maricós de especies mil,
pasan con seu triste andar incivil
todos xuntos, revoltos, misturados...

En impúdico pauto amalgamados,
o pícaro, o bribón, o proxeneta,
o sórdido truán que os alcahueta,
o matador i os fillos dos matados.
Todos tolleitos, todos emporcados
na mesma zarrumalla i amasixo,
todos coa mesma faz de carapixo
falando o castelán do cagatinta,
velos ehí van coa sua innobre pinta,
fillos da nai que os deu i o pai que os fixo.

«TERRA DE NINGURES»

CABO DO MUNDO

A Pura e Xavier Rodríguez

Nun solpor de tellados amarelos
chegóu o desterro a unha cidá
de longas rúas de laranxos,
cabo do mundo, lonxe do mar.

Paxaros de mil colores
tecen no vento levián
estranos arcos da vella
que voan de eiquí pra alá.

Cabo do mundo, lonxe do mar.

Indio da ruana escura
baixo a sombra do palmar.
¿Qué música antiga escoitas
dende a túa soedá?

Cabo do mundo, lonxe do mar.

Pasan as xentes falando
un linguaxe musical.
O desterrado non sabe
si é de escuma ou de cristal.

Cabo do mundo, lonxe do mar.

Indio da ruana escura
cabo do mundo, lonxe do mar,
no solpor do teu esprito
agoniza a libertá.

INTRE

A Xulio Fermoso e señora

O vento vai e ven,
por dentro leva escuros
bosques que non se ven.

O tempo é coma un tren,
por dentro leva a fría
morte de cadaquén.

O home vai e ven,
o que leva por dentro
non o sabe ninguén.

La verdad es como el aire:
es de todos y de nadie.

Caracas, nadal, 1966

A SABANA

Á familia Sesto Novás

Terrachá de terra quente,
sin outras lindes que o ceo,
niste territorio infindo
nacéu un día o silencio.

Camiños, longos camiños
sin remate nin comenzo,
van camiñando á ventura
transitados polo vento.

Lonxanas garzas viaxeiras
surcan o horizonte inmenso
e na quietude da tarde
móvese un gran mar de fentos.

Coma unha sombra perdida
vai cabalgando o chairego.

Sobre los llanos la palma,
sobre la palma los cielos,
sobre mi caballo yo
y sobre yo mi sombrero.

Ciudá Bolívar, maio, 1968

SAMBA

A María e Manolo Gallego

Si eu non fose ave de paso
quedaríame eiquí a vivir
coiste vento, iste donaire,
iste gasalleiro abril
que tanxe na madrugada
arpas que xamáis ouvín.

Si eu non fose ave de paso
quedaríame eiquí a vivir
que os camiños arrecenden
a laranxa e a alelí.
Misteriosos vagalumes
andan de noite a bulir,
semellando no aire quedo
unha chuvia de rubís.

Si o tempo tivera portas
eu pecharíame eiquí,
que os menceres desta terra
son moi doces de durmir.
Balbordos de samba baixan
de outas torres de almasí,
lúa grande na badía
cun mar tinguido de anil.

Mais eu son ave de paso
sin lugar para vivir.
Busco unha fonte escondida
nun escondido país.

AS ILLAS

A Basilio Losada

Busco as illas
que están alén do mar,
máis alá dos fachos
que sinalan as roitas
con coitelos de luz na escurada.
As illas diáfanas
lavadas pola choiva
i en nácar construidas.
Auga vibrátil,
profunda coma un soño
baixo un ceo de nubes viaxeiras.
Veñen e van, pralá, pracá, sumisas
as escumas do mar,
cubrindo coas súas rendas ós rochedos.
Detrás do mar hai illas
de nomes iñorados
i areales segredos
brilando ao sol da tarde amortecida.
As illas da erba boa
e dos longos solsticios
con bosques transparentes de sargazos.
Busco as illas das albas perguiceiras,
illas das garzas e da néveda,
que non están nas cartas mariñeiras,
nin na rosa dos ventos.
Illas de mais alá dos solpores,
mais alá das mareas,
mais alá das buxolas
e inda máis alá dos sete mares.

Cando alcontre estas illas
terei topado, ao fin, a miña patria.

Vigo, 1963

TEMPO DO CORAZON

A Isabel e Xesús Esperanza

Tempo do corazón, cheo de aves cantoras,
¿ónde foi a canción que cantaban as horas?
¿Ónde está aquela angueira i aquelas espranzas?
Tempo de sementeira, ¿ónde están as labranzas?

Alciprestes, rosales, ceo maino de abril
a chuvia nos cristales tocaba o tamboril.
Un tempo asosegado dormía na mañá,
un tempo namorado, vestido de mazá.

A tarde arrecendía a gromos e carqueixas,
o reisiñol decía no mencer tristes queixas.
O can topenexaba deitado rente ao lume,
o vento refungaba con doce mansedume.

Un mesto neboeiro pousábase na aldea,
de noite polo outeiro pasaba a estadea.
¿Ónde aquela mañá, ónde aquela surrisa?
¿Ónde aquela campá que vagaba na brisa?

Tempo do corazón mollado de saudade,
¿ónde foi a emoción da nosa mocedade?

Celanova, 1952

MUIÑEIRA REBELDE

A José Batlló

Baila, Galicia, baila
ailalelo, ailalalo...

E Galicia bailóu
perante centos de anos
un baile sometido
ao son que lle tocaban
as gaitas dormideiras
i os pandeiros sonámbulos.

Mais istes tempos tristes
son tempos xa pasados.
Xa rematóu a festa,
agora non bailamos
nin o ailalalelo,
nin o ailalalalo,
que bailamos a danza
dos libres homes bravos:
testa erguida, voz rexa,
duro andar, firme paso,
camiño do futuro,
brazo con brazo,
todos xuntos
cantando.

París, outono, 1965

VEÑO

A Xesús Alonso Montero

Si veño dende a vida é porque teño
unha lembranza de pavura e guerra
i un soño de espranzas nunha terra
que ven da mesma terra de onde eu veño.

Ao vago rumbo de vivir me ateño
e busco un río de augas sereas
con mestos bidueiros, con aceas
que anceio sin cesar e nunca outeño.

Non sei si son feliz ou desgraciado,
nin tampouco si estóu ledo ou tristeiro.
Soio sei que me sinto un estranxeiro,

un home de cotío desterrado
dun remoto país fermoso e triste
que aínda non sei si de verdade esiste.

Mendoza, xulio, 1968

CANTIGA DE RIBADAVIA

A Valentín Fernández

Iréi a Ribadavia
cos merlos do mencer.
Chegaréi todo ledo
unha mañá de mel.
Por beber, comadre,
por beber.

Iréi a Ribadavia
pola vía do tren.
Na boca unha cantiga,
na orella un caravel.
Por beber, comadre,
por beber.

Miraréi o castelo
falaréi con Rubén.
Os ríos alá embaixo
pasando con lecer.
Por beber, comadre,
por beber.

Polas rúas da vila
anda un vento segrel.
O que marmura o vento
non o sabe ninguén.
Por beber, comadre,
por beber.

Outas torres de lúa,
tellados de prixel.
Anduriñas tecendo

no solpor un ronsel.
Por beber, comadre,
por beber.

Por beber do bon viño
á mocedá voltéi.
No corazón, comadre,
nacéume un axouxer
Por beber comadre,
por beber.

Ourense, 1965

«PACO PIXIÑAS»

(Historia dun desleigado contada por el mismo)

LIMIAR

Entre ignorantes, máis dano faz o cobizoso que o ladrón.
O ruín coida que a maldade é industria.
Cobiza e medo destrúen aos pobos.
O sándeo favorecido, perde o tino de sí mesmo.
Os homes que non sinten, son tanto pior que as bestas.
A home desleigado non se lle pode ter amor.
A ignorancia obra monstros.

Conde de Vimioso (O Vello).

PRIMEIRA PARTE

Viñen ao mundo un día
dun ano que non lembro,
nun curruncho calquera
dos galicianos eidos.

Son probe de nacencia,
meus pais eran labregos,
criéime entre farrapos,
medréi de angurias cheo.
Fun a escola seis meses
pra aprender o alfabeto
i a riscar o meu nome
con catro esgarabellos.

Co legón e coa eixada
sudéi dende pequeno
pra arrincarlle ao terrón
os froitos do aparceiro,
que a mitá van prás tullas
repretas dos vilegos
propietarios das terras
por mor dunhos dereitos
que lle dan unhas leises
feitas por iles mesmos.

Vivín aquiles anos
coma unha toupa, cego
e por demáis sofrindo
aldraxes e desprecios.
E como neste mundo
apréciannos si temos,
i eu daquela non tiña

máis que o fraco pelexo,
por min ninguén pagaba
nin o valor dun céntimo.
Un día pola aldea
pasóu un ferrancheiro
que predicóu, barudo,
cousas que puñan medo:
«Ser pobo é ter concencia
do que os homes valemos.
Si queremos ser homes,
si ser pobo queremos,
marcharemos cinguidos
por un común anceio.
O mundo será noso,
pois xuntos venceremos.»
«As leises dos raposos
xa é tempo que as cambiemos
por outras que se inspiren
nun mundo novo e ceibo.
O que sementa, sega,
o que non, tasca o freno.
¡Pois que temos semente,
sin folgar sementemos!»

Veume á gorxa de pronto
algo así coma un berro
que quixo ser protesta
pro quedóuse en lamento
porque axiña lembréime
do que decía o crego:

«Resignación, pacencia,
mansedume, silencio,
que dempóis, na outra vida,
xa vos darán o premio.
Cadaquén neste mundo
trai consigo un letreiro
que nos poñen no lombo
o día que nacemos.
Nunhos dice «fortuna»,
noutros dice «famento»
e ninguén debe oporse
á lei diste misterio,

pois Deus escribe torto
pra resolver dereito.»

E tamén me lembréi
das verbas do meu vello:
«O mundo esí o atopamos
i esí o deixaremos,
unhos rindo a cachón
i outros chorando a eito.
Goberne quen goberne
non teremos remedio.
Arranxa os teus asuntos,
meu fillo, que os alleos
non che darán ganancia
e meteránte en pleitos.»

SEGUNDA PARTE

Pasaron moitas lúas,
ningunha delas leda,
sempre dobrada a illarga
i abatida a cabeza,
que ao probe, só por selo,
todos lle tiran pedras.
As xentes non se doen
de aqués que teñen penas.

Farto de tanta fame
e de tales miserias,
maldizoéi dos homes
que ao mundo desgobernan
e dixen en voz baixa
(pra non verme en querellas
nin en díxome díxome)
¡mala centella os fenda!
Dempóis collín un barco
pra virme a Venezuela.

Eiquí fixen de todo
e paséinas estreitas.
Comín bazofia abondo,
dormín baixo as estrelas,

vivín nun rancho inmundo
do bairro da Charneca,
perto do río Guaire,
onde se verque a merda
e demáis porcalladas
de Caracas enteira.

Ao longo de cinco anos
ganéi unhas pesetas,
percuréi un burato
e puxen unha tenda.

¡Qué gran descubrimento
iste da compravenda!
Ti compras a catorce
e vendes a coarenta.
Despachas como lebre
calquer gato que mercas.
Con kilos de cen gramos,
metros de cuarta e media,
mercadorías podres
que sanas asemellan,
vas xuntando os teus teres
coas alforxas repretas;
que cando Dios axuda
o vento dá manteiga,
i hasta pairen os bois
i a muller non empreña.

A arte comercial
mais que arte é unha cencia.
Multiplicas por vinte
calquer cousa que teñas.
Tres e catro son sete,
pero ás veces, si tercia,
son máis, pois adepende
do marchante que sexa.
Todo o que suma é bo,
malo, todo o que resta.
Non vendas ao fiado
nin dés a quen non dea.

Salvo as letras de cambio,
sobran tódalas letras.

Leer é perigroso
pois o que lee, pensa,
i o que pensa remata
por ter malas ideas
coma aquil ferrancheiro
que foi a miña aldea
a falar sin vergonza
doutriñas pecadentas.

Eu, sin coller un libro,
nin cousa que o pareza;
sin saber de políticas,
nin meterme en desquencias,
conquerín ter diñeiro
i acadar a riqueza.
Din que teño as maus porcas,
sí señor, pero cheas.
Din que son ignorante,
sí señor, non me pesa;
sei de moitos sabidos
e dalgunhos poetas,
que noustante saberen
de laroca devezan.

Teño televisión,
automóvil, neveira,
tocadiscos con radio
(todo na mesma peza),
cociña, lavadoira,
máquina de dar cera,
máquina de afeitar
e de bater as emas.
Teléfono na casa,
teléfono na tenda;
o meu fogar parece
unha central eléutrica.

Teño dous empregados
i unha criada negra
que a min chámame «don»,
«mísia», á miña parenta,
feita xa unha dama
moi fina e pispireta

que fuma, bebe e veste
á moda derradeira.

Rillo carne a diario
no xantar e na cea.
Carne asada no almorzo,
carne frita á merenda.
Merquéi na Cruña un piso,
presto cartos a rendas,
teño conta nun Banco,
teño cheques e prendas
e nos días de troula
hasta bebo cerveza.
¿Qué máis pode pedirse
sin vicio nin soberbia?

Son un home importante
anque algunhos o negan,
sentindo por adentro
o proído da envexa.
Ademiro aos que mandan,
estóu cos que gobernan,
que boa sombra acolle
quen a bo arbre se achega.

Esquecínme da língoa
que se fala na Terra.
Agora digo, «okey»,
«coroto», «vaina», «arrecha»,
«receso», «chance», «pepsi»,
«mi pana» i outras verbas.

Sigo sendo apolítico,
anque son de dereitas
pra combatir ós roxos
e toda esa ralea
que pretende roubarnos
as nosas pertenencias.

Quédame xa moi lonxe
Galicia i a miseria.
Mais si os galegos queren
resolver os problemas

que como vello andacio
á nosa terra infectan,
eu non teño reparos
en darlles a receita:
Nada de rebeldías
nin tampouco protestas
que alporizan aos gardas
i a sacra paz alteiran
impedindo as labouras
dos que en orden comercian.

Que tódolos galegos
nunha inmensa ringleira
abandonen a patria
e veñen ás Américas
—como eu fixen un día—
a poñer unha tenda.

EPÍLOGO DE CELSO EMILIO FERREIRO

Paco Pixiñas, zorro confeso,
fuche en carroza pra o cimeterio.
Tanto rillar na carne de cocho,
tanto rillar, matóute un arrouto.

Un torozón finóu cos teus días,
cómo te alcontras Paco Pixiñas.
Púñache os cornos seica a parenta,
síguechos pondo, postmorte, seica.

Das malas língoas non fagas precio,
durme tranquilo no teu sartego.

Vendiche vento, vendiche leria,
todo o vendiche, menos decencia.
Todo ten precio, todo se compra,
todo se vende, menos vergonza.
Diñeiro podre non fai mercede,
alma mesquiña todo empodrece.

Cómo che vai cariña de entroido,
tanto aforrar pra agora estar morto.
Dios faga parvos que nos manteñan
pois onde hai listos, zorros non medran.

Deixache as zocas polos zapatos,
de qué che sirve nise buraco.
Da mau á boca pérdese a sopa,
Paco Pixiñas, cómo te alcontras.

Cinco e máis cinco non son un cento,
bótalle a conta, verás que é certo.

A nosa Terra nada che debe,
nada lle importa que ahí te quedes
dándolle abono ao chan alleo
pois a Galicia sóbralle esterco.

Si fuches pobo, dil desertache,
Paco Pixiñas, R. I. P.

«CIMENTERIO PRIVADO»

NUNHA FOXA COMUN

Aldraxados por séculos,
mallados e feridos,
asoballados sempre,
decote desvividos,
pergunto qué fixeron
contesto que fuxiron
da terra malpocada,
sin pelexar, vencidos,
abandonado o campo
á furia do nemigo.
Soio unhos cantos bravos
a proba resistiron.
Garda, matria, un loureiro
prá frente distes fillos.

O MARTIR

Non che diréi que imos a vingarte,
amigo morto polo ferro airado.
Porque pasaron tantos anos,
tantos treidores e desleigados
e días de tristuras, tantos,
que xa non saberíamos
en quén vingarnos.

Diréiche tan só
que te lembramos
e precuramos
seguirche os pasos,
mais por outros camiños que non leven
ós bosques dos coitelos afiados.

O PRECURSOR

Era iste un poeta
que decía vento
i a libertá contestaba.
Decía povo,
respondía a esperanza.
Decía terra,
i os nenos achegábanse.
Falaba da xusticia,
e todo se puña branco.
Decía vinde,
e brindaba pola paz
(paz de consenso
non paz acobillada na xenreira).
Decía morra,
e moitas cousas suxas morrían.

Alcendéu fachos na noite,
pro os invasores solprendérono.

O OPTIMISTA

Morréu crendo que o P.T.B.
—produito territorial bruto—
de que tanto falaban os xornales,
eran as ducias de burros,
de alcaldes mulos,
de burgueses incultos,
de badocos incivís
e de outras ilustres preas
que en grandes greas
trotan polo noso país.

Dixo ó morrer: non me esprico
por qué emigran tanta xente
sendo o noso chan tan rico.

RAMON DE SISMUNDI MORRE NA TENDA

Triste Ramón de Sismundi,
sempre pechado en ti mesmo,
hoxe xa dono da tenda
basoiras soio pra dentro,
basoiras prá caixa forte,
basoiras cobros i arrendos,
pois o pó da estanteiría
basóiracho agora un neno
fillo da rúa, nacido
nas favelas de Palermo.

Triste Ramón de Sismundi,
sempre teimoso e segredo,
basoiras terra galega,
basoiras amor e vezos,
basoiras xabre de angurias,
basoiras cinza de esquezos,
borralla de lonxanías,
estrume de sentimentos,
basoira que te basoira
na dura roda do tempo

Galicia, probe e borrosa,
xa non che turba o silencio.

UN PERIGROSO ELEMENTO

Morréu sin entender
que por namorar ó vento
que namora á libertá,
(vento do pobo que xime
por coñecer a verdá);
que por rirse a gargalladas
da necia solenidá,
tivera que ser á forza
un perigroso elemento,
subversivo e pecadento.
Nunca o entendéu, mais agora,
dempóis de morrer, enténdeo.

O CANTAMAÑÁS

Iste que cos pés pra adiante
xaz no escuro desta tumba,
tomóu a vida de zumba,
foi un sonado pedante
furafollas e mangante
que a todos volvéu tarumba
con tanto falar da bamba,
con tanto darlle á taramba,
con tanto bailar a rumba,
que por fin morréu, caramba.

«ONDE O MUNDO SE CHAMA CELANOVA»

MODESTIA FORA

Nacín (modestia fora)
nun lugar onde o mundo
se chama Celanova.

Moitas vegadas
a miña nai contóumo.
O día que ti naciche
houbo estranas sinales no ceo.
Outo era entón o vento de xaneiro,
as pombas do solpor tornaban lentas
na serán sosegada.
Arpas invisíbeles,
penduradas das torres centinelas,
mentían un rumor de frautas doces.
Cando chegóu a noite envolta en nardos
coutóu a derradeira luz do día
que aguniaba alá lonxe
coma brasa mortiza dun rescaldo.

(Como brasa mortiza
ten sido a miñá vida,
como brasa mortiza dun rescaldo.
Por eso vivo coa angueira
de non saber si son lume
ou si son somente fume
dunha remota fogueira.)

OS MEUS AMIGOS

A recorrer me dediqué esta tarde
las solitarias calles de mi aldea,
acompañado por el buen crepúsculo,
que es el único amigo que me queda.

NICANOR PARRA

Además do solpor
quédanme a min
outros grandes amigos
na vila onde nacín.
Quédanme as outras torres
douradas polo vento,
quédanme as pombas
que aniñan no convento.
Son meus os bosques,
son miñas as campás,
miñas as noites frías
e as tépedas mañás.
Quédanme as longas tarde de verao
morrendo entre luzadas solermiñas.
E as canciós que se cantan nas tabernas
son todas miñas.
Teño alá algún vello compañeiro
da miña adolescencia desnortada
e pode que se lembre con añoiro
da miña mocedade inadaptada.
Quédanme as rúas
e as fontes,
quédanme as corgas
e os montes.
E xunto á cinza
da lareira paterna
quédame aínda

sangue fraterno.
E quédame tamén
o berce do meu canto,
e teño alí os meus
durmindo en paz
no camposanto.

PROGRAMA ÓS MEUS VECIÑOS

Outro vello de outono e prata fina,
a lúa embaixo, o sol enriba.

Nesa surrisa túa, Celanova,
pola que pasa o vento,
hai unha triste historia non contada,
feita de amor e troquelada en ferro.

Longos días de pranto e de cinza
a lúa embaixo, o sol enriba.

Por ise rostro craro,
no que se miran todas as estrelas,
pasan sulcos de luz estremecida,
cantigas de mencer, noites de pedra.

Escumas de saudades sempre vivas,
a lúa embaixo, o sol enriba.

Cando surrís, libéraste. Só saben
surrir aqués que levan a esperanza.
Quen espera non morre
i o que sabe surrir é quen se salva.

Afía o teu lecer, a espada afía,
a lúa embaixo, o sol enriba.

PAISAXE CON FIGURA

E véxome rubir, neno que eu era,
montado nun burriño, costa enriba,
camiño de Acebedo onde mouraba
toda a infancia miña.

No outo de Penagache branquexaba a neve
e morría o outono.
A serán e a paisaxe, irmás xemeas,
esvaíanse nos bosques de ouro.

CANTIGA PRA DURMIR A UN NENO

Celanova tan un vento,
Celanova un vento ten,
un vento peleriñante,
un vento que vai e ven.

Un vento que máis que vento
é un timoso roncón
fungando polos tellados
con grave e tristeiro son.

Iste vento vagamundo,
vai coa lúa, ven co sol,
vai cos mozos, ven cos vellos,
vai coa neve, ven coa frol.

Vai cos nubes viaxeiras
por camiños de romaxe.
Ven co panadeiro da chuvia
repenicando a paisaxe.

De día vai cos paxaros
i anda a brinca polas hortas.
De noite ven cos morcegos
i anda a petar polas portas.

Meu neno, no teñas medo,
que iste vento é meu amigo,
i anque rosma polas rúas
non te levará consigo.

Vento que vas á ventura
¿non ollas cómo che aceno?
Vaite deiquí paseniño,
deixa dormir ó meu neno.

BOAS NOITES, SAUDADE

Boas noites, saudade.
Coma unha insomne pálpebra arrodeas
a orela do meu tempo,
as torres dunhos soños que me invitan
a esquecerme da lei gravitatoria.

Cando chega o mencer
acenas cos teus páxaros ouscenos
dende un mesto carballo
pousado en min, aferrollando o berro
que me contén nas cárceres lonxanas.

De tanto pescudar o teu camiño,
cóncava imaxen, barco sin velamio,
de tanto manexar o teu guarismo,
esquecínme de qué país chegache,
e xa non sei sis tes marelo o rosto
con musgo de sombrizas corredoiras.

Na paisaxe interior está nevando,
a brétema repousa nos espellos,
veñen unhas estranas volvoretas,
e ti, fidel amiga, non me deixas,
saudade, ortiga vella que a fortuna
sementóu no meu horto fai xa tempo.

A AVE MOURA

Entre os montes e o mar
nacerá unha ave moura
comedora e roubadora.

Unha ave moura
sobre iles voa,
unha ave moura.

Leva no pico
sangue de historia,
unha ave moura.

Queima, esborralla,
destrúe, borra,
unha ave moura.

Degrada, inxuria,
maltrata, atonta,
unha ave moura.

Oramá viva,
ogallá morra,
a ave moura.

Si non matamos
a ave moura,
que despiedada
sobre iles voa,
Dios, ¿qué será
da xente nosa?

LOUBANZA DO PAI MIÑO

Dende Fonmiñá,
onde están as túas grutas xerminales,
ves camiñando e pasas,
padrón fluvial, co teu cantar de berce.
Os teus fillos de neve e chuvia baixan
coma récoas de escuma bulideiras
polas agrestes brañas
en verdes romeirías de muíños
para acadar o teu sendeiro de auga
e dormir docemente.

Pai fecundo que chegas de pasada
en busca das gamelas e as gueivotas
nos portos e nas praias.

Non queres emigrar como outros ríos
e prefires vivir rente da branda
paisaxe nutridora
pra morrer nela e abrazala
dende o seu mar, cinguíndolle a cintura
arrolándoa con ondas e con algas.
Río labrego, suco ben labrado,
rumor de tempo en músicas lonxanas
que brizan ós luceiros centilantes
baixo da noite intaita.
Río petrucio, fundador de castes,
rei natural de canecidas barbas,
un manto azul de nubes
cobre as túas espádoas.
Distinto cada día e sempre o mesmo,
elemental, primario, as túas arpas
son de vento e de néboa mañanceira,
son de esperanza.

Ledo e fidel arrieiro da serán,
ves camiñando e cantas
unha soia canción, a mesma sempre
de Fonmiñá á Guardia.
Pastor dos amenceres,
chegas a Ourense e paras,
aquédaste nos xugos dos seus pontes
e coma un boi sumiso amasas
o teu andar, a túa presa antiga
de escuma apresurada,
para ollar a cidá calmosamente
e ser o seu espello na alborada
cando as aves espertan.
E tamén pola tarde, cando apaga
o día os seus faroles,
mostraslle as sombras fuscas que cabalgan
o aire tremecido das bidueiras
poboado de lucernas fantásticas.
E a cidade asómase nas fiestras
ascende até os outeiros e atalaias
para ollarte chegar, moroso e canso,
e ver como rendido varas
a túa rexa quilla bafexante.
Cando Ourense nacéu ti xa eras vello,
pois por onde hoxe pasas xa pasabas
cando se inauguróu a primavera
e o home dixo a pirmeira palabra.
Ti sabes onde estaba erguido o dolmen,
as pedras fundadoras, as cabanas,
as pombas iniciales,
as pirmeiras citanias.
Coñeces os segredos dos castelos
e do vento que bufa nas barrancas.
Traduces os bruidos da outra noite
e entendes as canciós que canta a alba.
Moitos homes cruzaron as túas pontes.
Pasaron con arados, con espadas,
pasaron con laúdes, con zanfonas,
nunha incesante caravana.
Pasaron os solsticios e as colleitas,
pasaron os boiteiros e as reatas,
pasaron os barqueiros remadores,
pasaron procesións e reboldainas.

Todo morréu, todo é tan só memoria
do tempo fuxidío ou da borralla.
Somente ti non morrers, permaneces
—proteico tren de prata
sobre un carril de seixo—
e rodas sin cesar e nunca pasas.

Tamén eu algún día
sombra seréi, pro sombra namorada,
e voltaréi a ti coas anduriñas
nunha outa mañán crara
pra ollarte pasar
—forte varón da auga—
i escoitar o teu canto de esperanza.

MAIO 1972, I

Fai pouco tiven un soño
que máis ben foi un lembrar,
pois os soños moitas veces
veñen da realidá.

Colléronme preso un día
i atáronme mau con mau,
por culpa dun falso amigo,
fillo bastardo dun can.
Colléronme preso un día,
enlamáronme no chan,
aldraxáronme, puxeron
o meu nome a pregoar.
Sepan homes e mulleres
desta honrada vecindá
que o poeta é un falsario,
un malvado, un mintirán.

Moraima, non me perguntes
nin pretendas saber máis,
pois o meu soño esvaíuse
cos paxaros da mañán.
Diréiche soio unha cousa
pra esta historia rematar.
Colléronme preso un día,
outro non me collerán.

MAIO 1972, II

Dicen
que a vida é
unha estrela fugazzzzzz
que cruza o ceo
na noite.

Pro ti e máis eu
cruzámolo
collidos
da mau
coma dous namorados.

Non foi
tan fugaz
o noso paso,
anque foi moi escura
a noite
que nos tocóu en sorte.

A NOSA AMIGA

A poesía non depende do home, pro está no home.

Non penses que a poesía é poesía
porque a teñan rubido nun altar,
sinón porque comparte a nosa vida
cantando o seu cantar.

Cando todos nos imos
ela tamén se vai.

A poesía vive
na temporalidá,
é unha cousa de hoxe,
é un ouxeto humán,
auga, sono, roseira,
rúa, fenestra, man,
vento na noite fonda,
conversa familiar.

Escoita a súa música
cando pola mañán
o panadeiro chama
pra traguernos o pan.

Cando vés do mercado,
Moraima cotidián,
a poesía toda
ven contigo detrás.

Non penses que a poesía é cousa sacra
porque a teñan rubido nun altar
aquiles que a pretenden pra iles soios,
lonxana, altiva, intelectual.

A poesía é un craro asunto
de todos: meu e teu, e dos demáis.
Cando os demáis se van e nós nos imos
ela tamén se vai.

NOITEBOA 1972

A poesía é a negación da iniquidade.

BAUDELAIRE

Moraima, por seguir a miña roita
de poeta inconforme
viviche ó meu carón días amargos
de crudel desamparo en terra allea.

Por seguir os meus pasos tan incertos,
trocache as túas maus de seda
por dúas pombas ásperas
pra que o noso fogar desarbolado
semellase un navío entrando en porto

Aturache o infortunio
sin verquer unha bágoa,
o rostro sempre erguido,
altiva, vertical, como si foses
unha raíña anterga.

Por ser a miña sombra proteutora,
tiveche que vivir entre badúas
no país dos mesquiños promotores
de vanidá minifundia:
señoritos sin caste,
propietarios de pouco,
candongas de domingo,
merdellonas metidas a madamas,
pícaros, desertores, desleigados,
monicreques, malandros, alcaiotes.

Ti poideche soerguerme diste estrume,
¿cómo che pagaréi favor tan grande?

«AUTOESCOLHA POETICA»

CARTA A FUCO BUXÁN (1)

Fuco Buxán, labrego esfarrapado,
filho da fame e neto de labregos.
Fuco Buxán, que vives de prestado,
comesto o corazón, os olhos cegos.

Fuco Buxán, compadre da miseria.
curmán das inxusticias ios aldraxes.
Fuco Buxán ¿non sintes que na Iberia
feden a podre os homes ias paisaxes?
Fuco Buxán, na noite estrelecida,
hai un río de luz que ven de lexos.
Fuco Buxán de testa decaída,
hai un río de luz pra os homes rexos.

---

(1) Iste poema que, por causas alheas á minha vontade, non poido ser incruido en ningún dos meus libros, foi pubricado na revista «Vieiros» que en México fai o Padroado da Cultura Galega, e provocou, en certos sectores, determinhados comentarios desfavorábeles que desexo refutar brevemente agora.

Nefeuto, no poema sostenho a teima de que emigrar é a solución ideal pra os galegos que, por razóns éticas ou físicas, non lhe fose doado vivir na terra onde vinheron co mundo. O poema foi escrito en 1959, tempo aquil no que eu, infruido polas falaces versións que en col da emigración se facían a cotío —e desta literatura mintireira non se salva ningún autor— coidaba que alén do mar, nas Américas, latexaba o corazón dunha Galicia viva, activa e ceibe, dona dunha baril concencia de pobo en marcha. ¿Qué melhor que incorporarse a esa Galicia do ésodo, na que un galego libre, sin estorbos nin coaucións, podería vencelhar-se ás tarefas de recobrar a patria?

En 1966, seguindo a minha propia teoría, convertinme nun emigrante. Entón foime doado o triste privilexio de comprobar o meu lamentábel erro: a presunta Galicia da diáspora non esistía e, o que aínda era pior, non tinha esistido nunca, salvo nas arelas dalgunhas heroicos grupúsculos integrados por galegos que, coma eu, foran atraguidos pola falsa imaxe do espelho deformante, e loitaban, con mais tesón que ésito, por manter ergueitas as bandeiras do pobo.

Naturalmente, dende aquela data non soio refugo a minha trabucada teoría, sinon que sostenho a contraria: os pobos, cando tenhen concencia de sí mesmos, non emigran; enfréntanse barilmente coa adversidá e véncena colectivamente. Non foi un chiste o que Castelao quixo facer, cando dixo que «a protesta dos galegos é a emigración», sinon un amargo e dorido reproche.

Aleucionado pola esperiencia, agora penso que a emigración masiva das nosas xentes é unha proba irrefutábel de inmaturez colectiva, amáis de ser un suicidio gratuito. Tan gratuito e irrazonábel como o que practican os «lemmigs», unhos animalinhos escandinavos, semelhantes a leirós, que en determinadas épocas abandonan as súas montanhas natales e, caminhando día e noite, diríxense cara ao mar, no que se afogan a milheiros.

Fuco Buxán, aprinde a andar ergueito,
Fuco Buxán, aprinde a falar forte.
Fuco Buxán, aprinde de tal xeito
que nunca mais esquezas o teu norte.

Fuco Buxán, que fozas de cotío
na terra que te manda e non te deixa.
Fuco Buxán, que tes un largasío
anoitecer na ialma que te apreixa.

Fuco Buxán, de sol a sol, esterco,
Fuco Buxán, de sol a sol, eixada
Fuco Buxán, coutado por un cerco,
Fuco Buxán, máis vale non ter nada.

Mentras o tempo da patria non chega.
mentras non pase o tempo que denigra.
deixa ise escuro afán que te atafega,
Fuco Buxán, ¡emigra!

(Poemas soltos)

A ILLA PERDIDA

Primeiro chegóu o mago
cos seus ritos máxicos
i os seus libros sacros.
Pagái o mal co ben e resiñádevos.
Dempóis desembarcóu o mercadoiro
co seu queixón de baratixas.
Merco, vendo, intercambeo
axóuxeres, fintas, papeliños de cor
por almasí e pedras augamariñas.
Máis tarde presentóuse a autoridá
con leises e con gardas armados.
Poñamos orde nesta barafunda,
haxa paz i haberá comercio libre,
prosperidá, traballo, divertimentos.
Xa nunca máis voltaron
a ser donos da patria
os nativos da illa.

(Poemas soltos)

A CHUVIA

Por iste tempo chega
ao lonxano país que é patria miña,
a chuvia que redoba nas fenestras.
Ten van de frol esvaída na néboa,
cai como desfollándose
dende un rosal segredo.

Descende
con vaguedá de neve perguizosa,
tacto impalpábel,
os ollos acariña e constrúe
paisaxes submariños.

Trai consigo un tremer
de luz nas pálpebras
e deixa o val poboado de espellos.

Lémbroa nos meus soños,
remota irmá miña do outono,
baixando humildemente dende as cumes
con azas sosegadas.

Algo pasa,
algo encomenza agora.
O ouro puro do bosque alcéndese,
achéganse os amieiros,
hai música nos camiños,
veñen os páxaros,
o aire atéigase de arpas.

E non podo seguir porque me chove
unha serán de outono alá moi dentro.

(Poemas soltos)

DECIMOS ROSALIA

Decimos Rosalía
i alcéndese un espello
na noite largacía

Na noite ensimesmada
cai un orballo escuro
da auga lenta e calada.

De auga lenta de pranto:
nosos ollos son fontes
de tanto chorar tanto.

De tanto vao laído,
polas serras e vales
pasa un vento ferido.

Pasa un río entoldado,
que o entoldóu un tempo
de renuncia humildado.

De renuncia está feito
o puñal que levamos
espetado no peito.

Espetado en ringleiras
dos galegos que marchan
prás terras estranxeiras.

Decimos Rosalía
i o corazón da matria
sanga na noite fría.

(«Homenaxe»)

IN MEMORIAM DE ALEXANDRE BOVEDA

«Ya va a venir el día, ponte el alma.»

CESAR VALLEJO

Ti convocache ao día dende a tebra,
amigo morto polo ferro airado,
cando chegóu Caín, cando a pavura
cubríu de noite ao pobo sin guieiros.

O día vai vir, poréime a alma,
mais non me esqueceréi das horas torvas,
cando o terror i o sangue, cando o medo,
cando a treición vencéu, cando a carraxe,
irmáu maor, sacrificado á sombra.

A nosa obriga é seguirche os pasos,
mais por outros camiños que non leven
aos bosques dos supricios,
ás selvas dos coitelos afiados,
sinon as terras outas onde temos
a casa vinculeira.

O día está xa pronto, alma que agardas,
faite bandeira, berra o teu dereito
a ser estrela cando os tempos cheguen,
cando as gaitas trunfás soen nas rúas,
cando a irmandá, cando a ateigada artesa,
cando os homes da terra señan río
cun gran cachón no meio,
cando tódolos nenos de Galicia
seipan por qué mataron a Alexandre.
esforzado Amadís, capitán noso.

ZEJEL PRA CASTELAO

Si Castelao nos guiara,
fillo do povo que il era,
outro galo nos cantara
no amencer que nos espera.

Nin badúas sabidores
nin raposos mentireiros
nin fámulos de terceiros
nin lobos depredadores
nin escondidos treidores
nin doutores tirteafuera
nin zumezugas sin cara
nas nosas ringlas houbera
si Castelao nos guiara,
fillos do povo que il era.

Fillo do povo que il era
ó povo respondería
i o noso tempo sería
un tempo de primavera,
un tempo de epifanía
no que o povo falaría
coa súa voz limpa e crara,
si Castelao non morrera
outro galo nos cantara
no amencer que nos espera.

(«Homenaxe»)

REXISTRO

Páxs.

CELSO EMILIO FERREIRO 5
BIBLIOGRAFIA 25

«A FRONTEIRA INFINDA»

As Raigames no aire 29
O filántropo 35

«A TABERNA DO GALO»

Onde se conta a historia dun burriño chamado Canuto 41

«CARTAFOL DE POESIA»

O sono do neno 47
O medo 48

«O SOÑO SULAGADO»

Falaréivos de min 53
Saudade 55
Olláime ben 56
Moi lonxe 57
Frol de outono 58
Nai 59
Primavera inútil 60
Muller 61
Cantiga de amor cicáis 62
Os fuxidivos 63
O galo 64
Aturuxo 65
Palabras a un morto 66
Emigrantes 67
Curros, neno 68
Poema nuclear 69
Palabras 71
Asturias 72

Páxs.

«LONGA NOITE DE PEDRA»

De «Longa noite de pedra» 75
O can danado 76
Espranza 77
Monólogo do vello traballador 78
Consellos 79
A sombra 80
O corazón do vento 81
Desterro 83
Os honoráveles 85
María Soliña 86
Eiquí será 87
Romance pesimista de fin de ano 88
Ti e máis eu 90
Noiteboa en Harlem 91
Son un pasmón 92
Inverno 94
Non 95
Deitado frente ao mar 96
A poesía é verdade 98
Romance incompleto 99
Irmáus 100
Os asoballados 101

«VIAXE AO PAIS DOS ANANOS»

Limiar 105
Viaxe ao País dos Ananos 106
A Estrela 118
Nenos nun rancho de Caracas 119
Prá mocedade 120
El hermoso rostro del país 121
A herdanza 123
A leución 124
Ao lonxe, Ourense 125
Doce outono 127
O neno 128
Teoría do arbre... 129
Compromiso 130
Un día 131

«CANTIGAS DE ESCARNIO E MALDECIR»

Conversa encol dun boi 135
Un bipedo ronzal 136
Os fillos da cizaña 137

«TERRA DE NINGURES»

Cabo do mundo 141
Intre 142

Páxs.

A sabana 143
Samba 144
As illas 145
Tempo do corazón 146
Muiñeiro rebelde 147
Veño 148
Cantiga de Ribadavia 149

«PACO PIXIÑAS»

Limiar 153
Primeira parte 154
Segunda parte 156
Epílogo de Celso Emilio Ferreiro 161

«CIMENTERIO PRIVADO»

Nunha foxa común 165
O mártir 166
O precursor 167
O optimista 168
Ramón de Sismundi morre na tenda 169
Un perigroso elemento 170
O cantamañás 171

«ONDE O MUNDO SE CHAMA CELANOVA»

Modestia fora 175
Os meus amigos 176
Programa ós meus veciños 178
Paisaxe con figura 179
Cantiga pra durmir a un neno 180
Boas noites, saudade 181
A ave moura 182
Loubanza do pai Miño 183
Maio 1972, I 186
Maio 1972, II 187
A nosa amiga 188
Noiteboa 1972 190

«AUTOESCOLHA POETICA»

Carta a Fuco Buxán 193
A illa perdida 195
A chuvia 196
Decimos Rosalía 197
In memoriam de Alexandre Bóveda 198
Zejel pra Castelao 199

Esta edición
saíu do prelo
de «Gráficas do Castro/Moret»,
O Castro. Sada. A Coruña,
o 17 de maio de 1989,
DÍA DAS LETRAS GALEGAS

REAL ACADEMIA GALLEGA
· COLLIGIT, EXPURGAT, INNOVAT ·

REA
A
3
B

AL ACADE
GALEGA
CORUÑ
3284
Bibliotec